- 31992 - 16157 (12/PRE-009201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o estado en que está a renovación da normativa que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños e as previsións sobre a entrada en vigor dun novo decreto

- 31991 - 16161 (12/PRE-009203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación da produción marisqueira nas rías galegas e as actuacións que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia para a súa mellora

- 31703 - 16195 (12/PRE-009221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto das condicións dos servizos que se imparten ás persoas usuarias no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol

- 31701 - 16203 (12/PRE-009225)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre a eficacia do control da Xunta de Galicia sobre os xestores dos comedores escolares no que atinxe á utilización de produtos de proximidade e os plans dos que dispón para fomentar hábitos alimenticios saudables na nosa poboación infantil

- 31493 - 16206 (12/PRE-009227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o cumprimento das condicións laborais dos traballadores das empresas e UTE concesionarias das liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia, así como respecto do seu seguimento e das consecuencias que derivan dos posibles incumprimentos

- 31700 - 16264 (12/PRE-009251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre o acordo de libre comercio UE-Mercosur e as medidas previstas polo Goberno galego orientadas á salvagarda do sector agrogandeiro galego ante a ameaza que supón o devandito acordo

- 31988 - 16281 (12/PRE-009255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o modelo de xestión do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense



- 31492 - 16293 (12/PRE-009260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a natureza das funcións que están a desenvolver os auxiliares de policía local da Laracha

- 31491 - 16298 (12/PRE-009263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos desde 2015 a 2020 por intromisións non consentidas en vivendas e as consultas atendidas polo Consello da Avogacía Galega nesta materia en virtude do convenio asinado co IGVS en 2020

- 31745 - 16325 (12/PRE-009272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a implantación da lingua galega nos servizos ofrecidos polas notarías, as medidas de normalización que puxo en marcha o Goberno galego neste ámbito nos últimos anos e as súas previsións cara adiante

- 31490 - 16328 (12/PRE-009273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o criterio e as previsións da Xunta de Galicia respecto da composición do Consello da Minaría de Galicia e da súa representatividade social

- 31698 - 16447 (12/PRE-009303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as razóns de que a Xunta de Galicia edite material de promoción co logotipo institucional no que se exclúe por completo a lingua galega

- 31697 - 16465 (12/PRE-009306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre os eventuais controis e as medidas de protección que a Xunta de Galicia está a levar a cabo ante a aparición dun gromo de gripe aviar en Portugal

- 31486 - 16480 (12/PRE-009309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o prazo en que a Xunta de Galicia prevé restablecer o servizo médico en horario completo no Centro de Saúde de Irixoa

- 31485 - 16490 (12/PRE-009318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia



Sobre as previsións que ten o Goberno galego canto á adaptación da Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade

- 31484 - 16499 (12/PRE-009323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas previstas polo Goberno galego para o fomento do exercicio físico e o deporte entre as galegas e os galegos

- 31987 - 16508 (12/PRE-009332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cooperación coa Administración local na loita contra a violencia de xénero, o estado en que está a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación interinstitucional, así como sobre o labor de prevención efectuado e o que está previsto respecto desta materia

- 31483 - 16509 (12/PRE-009333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto da negociación co Ministerio do Interior para renovar o convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos

- 31986 - 16531 (12/PRE-009343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a titularidade e o tipo de xestión que a Xunta de Galicia vai garantir no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense

- 31482 - 16541 (12/PRE-009352)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación das instalacións do estadio do Couto, en Ourense, e as previsións que ten o Goberno galego verbo da súa mellora

- 31477 - 16637 (12/PRE-009387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación en que está a dotación médica do Centro de Saúde de Riotorto e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 31676 - 16640 (12/PRE-009388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre o resultado da convocatoria publicada o 6 de maio de 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas industriais da provincia da Coruña



- 31673 - 16687 (12/PRE-009404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias

- 31671 - 16693 (12/PRE-009407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro

- 31670 - 16695 (12/PRE-009408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

- 31834 - 16697 (12/PRE-009409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

- 31471 - 16701 (12/PRE-009411)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 2 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2009/43/CE e 2009/81/CE no que atinxe á simplificación das transferencias de produtos relacionados



coa defensa dentro da UE e á simplificación da contratación en materia de seguridade e defensa [COM (2025) 823]

-12/UECS-000059 (28067)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2009/43/CE e 2009/81/CE no que atinxe á simplificación das transferencias de produtos relacionados coa defensa dentro da UE e á simplificación da contratación en materia de seguridade e defensa [COM (2025) 823]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28067, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifican as Directivas 2009/43/CE e 2009/81/CE no que atinxe á simplificación das transferencias de produtos relacionados coa defensa dentro da UE e á simplificación da contratación en materia de seguridade e defensa [COM (2025) 823].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1.º Trasladarlles o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 11 de xullo de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta do regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a eliminación gradual das importacións de gas natural ruso, a mellora do seguimento das posibles dependencias enerxéticas e a modificación do Regulamento (UE) 2017/1938 [COM (2025) 828] {SWD (2025) 830}



-12/UECS-000065 (28418)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativa á Proposta do regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a eliminación gradual das importacións de gas natural ruso, a mellora do seguimento das posibles dependencias enerxéticas e a modificación do Regulamento (UE) 2017/1938 [COM (2025) 828] {SWD (2025) 830}.

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28418, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta do regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre a eliminación gradual das importacións de gas natural ruso, a mellora do seguimento das posibles dependencias enerxéticas e a modificación do Regulamento (UE) 2017/1938 [COM (2025) 828] {SWD (2025) 830}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1.º Trasladarlles o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2.º Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3.º Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26573**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da execución da obra de mellora da seguridade viaria na estrada AC-840, en Oza dos Ríos, contratada hai máis dun ano”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A obra está adxudicada dende a primavera do ano 2024, pero non puido comezar a súa execución debido á necesidade de contar coa autorización para a execución da obra por parte de ADIF. O proceso para a súa obtención, que se leva tramitando dende hai máis de dous anos e cuxa dilación está prexudicando tanto á Xunta de Galicia como especialmente aos veciños de Oza - Cesuras, agárdase que culmine o antes posible e que poida comezar a execución da obra proximamente.

O obxecto do proxecto é habilitar un paso seguro para peóns e ciclistas non deportivos no P.Q. 8+280 da estrada AC-840, diferenciado dos carrís de circulación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:16:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31349
Data envío: 18/08/2025 15:16:10.209

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26717**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación das conexións ferroviarias na comarca de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego leva moito tempo reclamando ao Goberno central o impulso da necesaria modernización da liña ferroviaria A Coruña-Ferrol, empezando polo baipás Betanzos-Infesta, para ter un transporte ferroviario convencional e de alta velocidade axeitado, e o desenvolvemento da estación intermodal, pendente de que se asine o correspondente convenio entre administracións.

A inclusión da rede A Coruña-Ferrol e o porto de Ferrol no Plan Director do Corredor Atlántico Noroeste de Mercadorías e a mellora da infraestrutura e do servizo de tren de vía estreita son outras das reivindicacións recorrentes trasladadas ao Goberno central por parte da Administración autonómica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31347
Data envío: 18/08/2025 15:15:56.148

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:55

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26731**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **“o estado en que está a liña de alta tensión que une as subestacións de Sarria e Monforte de Lemos”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En relación co coñecemento previo do estado da instalación á que fai referencia a pregunta, a Consellería de Economía e Industria, incluído o seu Departamento Territorial en Lugo, non tiña constancia de posibles deficiencias no seu mantemento nin que, como consecuencia delas, se tivera producido incidente algún, particularmente os citados na pregunta.

Consecuentemente, cómpre sinalar que non consta a existencia de feitos nin reclamacións ao respecto desta liña.

En calquera caso, e unha vez postos de manifesto, de cara a definir posteriores actuacións, xa se solicitou á operadora da rede de distribución a achega da información rexistrada sobre calquera suceso ocorrido na liña.

Neste sentido, e dado que a liña discorre nalgunha zona na que existen especies arbóreas de rápido crecemento, a operadora indica que realizará algunha actuación adicional ás do Plan 2025, para comprobar se é preciso realizar tarefas adicionais de tala e poda, para evitar que o contacto puntual das ramas coa liña poida afectar á continuidade da subministración, aínda que na última verificación periódica regulamentaria da liña non se detectou ningunha situación que fose preciso corrixir de xeito urgente.

Cómpre recordar que, sen prexuízo das actuacións de oficio que está a acometer a Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria ten habilitado o procedemento IN635A Reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, onde os administrados poden denunciar calquera situación irregular”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31345
Data envío: 18/08/2025 15:15:44.717

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26755**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a creación, dentro das políticas de axuda ao retorno de galegas e galegos residentes no exterior, dunha axuda específica para as mulleres retornadas maiores de 50 anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Estratexia Galicia Retorna xa incorpora a perspectiva de xénero, e busca atraer galegos e galegas residentes no exterior, tanto os emigrantes coma os seus descendentes, así como ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas e facilitar a súa integración educativa e laboral. Ademais, busca analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o momento do retorno.

Entre as súas liñas de actuación, atópanse as seguintes:

- Informar, asesorar e colaborar coas persoas galegas retornadas no momento da súa volta a Galicia.
- Intensificar o apoio integral ás familias no retorno, acadando a súa plena integración no menor tempo posible.
- Fomentar o retorno das familias galegas mediante o apoio á natalidade, á conciliación, á integración da mocidade e a súa continuidade educativa.
- Facilitar a capacitación profesional das persoas galegas retornadas promovendo a súa formación e integración no mercado laboral, e dando a coñecer as medidas específicas para acadala.
- Promover o autoemprego e a creación de pemes por parte dos retornados e retornadas galegos, especialmente no ámbito rural.
- Atraer e reter o talento dos traballadores e traballadoras galegas residentes no exterior de cara a potenciar a competitividade do tecido produtivo da nosa terra.
- Potenciar o retorno de empresarios e grandes investidores do exterior ofrecéndolles oportunidades de inversión na Galicia territorial.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación a estrutura da Estratexia, conta coas seguintes áreas: *Área de Asesoramento, Seguimento, Coordinación e Control; Área laboral; Área educativa e Área Social.*

No tocante ao retorno das mulleres, dentro da *Área social*, o obxectivo 7 indica o seguinte: *atender ás familias galegas retornadas en situación de vulnerabilidade para a consecución da súa plena integración.* Dentro desta, atópanse as seguintes medidas:

- **MEDIDA 18.** Atender de forma integral ás mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero a través de recursos residenciais de acollida temporal e dos non residenciais.
- **MEDIDA 19.** Facilitar o acceso das mulleres retornadas vítimas de violencia de xénero ás prestacións ás que teñen dereito.

Dentro da *Área laboral*, o obxectivo 25 indica o seguinte: *promover o autoemprego, a integración laboral por conta allea e a creación de pemes por persoas galegas retornadas.* Dentro desta, atópase a seguinte medida:

- **MEDIDA 75.** Promover o autoemprego e a creación de empresas por persoas galegas retornadas, a través de axudas ao retorno emprendedor, coas que os beneficiarios poderán ter unha aportación de ata 10.000 euros, incentivando a creación de empresas por mulleres e nos concellos rurais.
- **MEDIDA 77.** *Programa Emega* - comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres e a favorecer a conciliación familiar e dar acceso aos servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. Dentro deste programa pódense atopar distintas liñas de axuda: *Emprende, Innova, Activa, ITEF, Concilia e Dual.*

Este programa promove o regreso de máis de 30.000 galegos e galegas, lograr que o 60% dos que retornen, unhas 18.000 persoas, teñan menos de 45 anos, contribuíndo a rexuenerar a poboación galega.

Dita estratexia de recuperación da poboación galega conta cun orzamento de máis de 50 millóns de euros soamente en medidas específicas, con máis de 400 millóns de euros en medidas transversais que inclúen incentivos adicionais para os retornados e retornadas ”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31342
Data envío: 18/08/2025 15:15:26.285

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26785**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **“o obxectivo das recepcións ao representante da embaixada de Israel coincidindo coa situación actual en Palestina”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego ten como proceder habitual recibir aos representantes diplomáticos dos diferentes países recoñecidos por España e cun corpo diplomático e/ou consular acreditado no territorio nacional.

O Goberno galego valorou o encontro como relevante, entre outros motivos, para trasladar a Israel o seu posicionamento sobre o conflito. De feito, entre outros aspectos, o representante da Xunta de Galicia transmitiu o rexeitamento ao estado da situación humanitaria que se vive na Faixa e avogou por unha solución urxente para este drama”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31340
Data envío: 18/08/2025 15:15:13.986

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26875**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre **"a calidade da conexión do Hospital Piñor, no concello de Barbadás, por medio do transporte público por estrada"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A oferta actual de servizos de autobús entre Ourense e o Hospital de Piñor facilita os desprazamentos en transporte público a ese centro con frecuencias e horarios adecuados á situación actual.

Entre a cidade e o hospital funcionan 9 liñas que ofrecen 13 servizos de ida (Ourense-Barbadás) que permiten chegar ao hospital desde as 07:40h ás 21:40h, e 14 servizos de volta (Barbadás-Ourense), con saídas do hospital desde as 08:00h ás 22:07h. Tamén as fins de semana funcionan ao longo do día 5 servizos en cada sentido os sábados e 4 os domingos.

Coa configuración vixente dos horarios, a cidadanía pode desprazarse ao hospital en autobús con frecuencias adecuadas e o persoal conta con opcións de transporte público en todos os cambios de quenda de luns a domingo.

O Goberno galego está sempre aberto a estudar a mellora do sistema de transporte público por estrada de competencia autonómica. Desde a segunda metade de 2024, a Xunta de Galicia e os concellos da área de Ourense veñen traballando conxuntamente no desenvolvemento da área de transporte metropolitano de Ourense. Dado que se atopa en licitación o transporte urbano de Ourense, en canto sexa posible retomar o desenvolvemento da ATM de Ourense avaliaranse as posibilidades de optimizar os servizos ao Hospital de Piñor para asegurar unha coordinación eficiente do transporte público na área metropolitana".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31537
Data envío: 19/08/2025 16:16:03.345

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:16:02

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26944**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondeloe outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións do Goberno galego no que atinxe ao comezo da dragaxe do río Lérez"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comunidade e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizando a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como "alternativa prioritaria". Tamén introducía como novidade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá "verterse indistintamente na zona D ou na E8" e engade que "sería adecuado propoñer un enfoque individual en cada proxecto".

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudo de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudos de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudo de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a "inexplicable" desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar o áridos das dragaxes previstas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 13:56:06
Nº Rexistro: 31895
Data envío: 21/08/2025 13:56:06.408

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:06

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 26971**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outras deputadas, sobre **“a modificación levada a cabo polo Goberno central da planta xudicial nas seccións de violencia sobre a muller e de instrución”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Xustiza en resposta á pregunta oral en Comisión número 26970, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 2 de xullo de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director de Xustiza pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=8555>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=9577>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:14:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31338
Data envío: 18/08/2025 15:14:55.073

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27084** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños, don Ramón Fernández Alfonso e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **“as previsións que ten o Goberno galego ante a reunión que lle demanda o comité de empresa da planta de Faurecia en Ourense”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“Faurecia foi fundada en 1914, cando Bertrand Faure abriu o seu primeiro taller nas aforas de París fabricando asentos para tranvías e metro. Converteuse nun dos dez principais provedores de automóviles do mundo.

A súa experiencia abarca desde interiores completos e sistemas de asentos ata solucións e tecnoloxías de mobilidade de emisións ultrabaixas e nulas para vehículos automatizados.

Ata o ano 2021, Groupe PSA era accionista maioritario de Faurecia. Cando se fusionou con Fiat Chrysler para formar Stellantis, Faurecia independizouse e adquiriu unha participación maioritaria en HELLA.

FORVIA creouse en 2022 reunindo aos líderes en tecnoloxías de automoción: Faurecia e HELLA. Ambas marcas comparten culturas complementarias impulsadas polo rendemento e guíanse por unha visión compartida dun futuro sostible.

Na actualidade, HELLA é un provedor líder de tecnoloxía de iluminación e electrónica de vehículos de última xeración e, desde entón, mantivéronse á vangarda da industria. Coas súas actividades de ciclo de vida dos vehículos, tamén ofrece unha ampla gama de produtos para o negocio de pezas de reposto e talleres, así como para os fabricantes de diversos vehículos especiais, por exemplo, dos sectores da construción, agricultura ou transporte.

É unha empresa cotizada na que as familias Hueck e Roepke tiñan a maioría das accións antes de Faurecia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Guíanse pola súa emocionante misión compartida de ser pioneiros en tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas. Xuntos, son máis de 150.000 persoas en todo o mundo coa mentalidade, os métodos e a enerxía audaces para cambiar a mobilidade de millóns de persoas. Creen que a mobilidade está no corazón da vida das persoas e no que lles importa: moverse libremente e coidar o planeta, á súa maneira.

A mobilidade non se trata soamente de como nos movemos, senón de como vivimos. Potencia a conexión e permite o acceso a oportunidades, así como a proximidade aos seres queridos. Tamén se ve afectado polos desafíos e transformacións actuais, desde o cambio climático ata a revolución tecnolóxica en curso. Esta visión impulsa a súa misión: ser pioneiros na tecnoloxía para experiencias de mobilidade que importan ás persoas.

Melloran, incansablemente, a seguridade dos vehículos, tanto por dentro como por fóra. Enmarcan todo a través da lente da sostibilidade e deseñan solucións de condución avanzadas e automatizadas que lles permiten manterse conectados, produtivos e entretidos mentres están en movemento. Permiten a transición a cero emisións ao tempo que ofrecen solucións para experiencias personalizadas, estéticas e emocionais, ademais de desenvolver servizos, materiais e produtos para optimizar o valor ao longo do ciclo de vida do vehículo.

A través das súas tecnoloxías, están levando a industria automotriz a un seguinte nivel de sostibilidade, seguridade, personalización e asequibilidade.

Os posibles despedimentos nunha empresa como consecuencia da redución de carga de traballo sempre é unha mala nova para Galicia e o emprego.

Neste caso, desde o Goberno galego estamos expectantes á evolución da situación e manifestamos o noso máximo respecto pola negociación colectiva. Neste sentido, apostamos polo diálogo entre a empresa e os traballadores para a mellor salvagarda dos dereitos dos traballadores e garantir a viabilidade da empresa e o mantemento da carga de traballo.

O Goberno galego mantén un contacto permanente co sector da automoción e pon a disposición das empresas con dificultades e que son viables, todos os instrumentos ao seu alcance na procura de manter a actividade e o emprego.

Na Xunta de Galicia sempre imos estar ao carón dos que xeran riqueza e emprego de calidade. A automoción é un deses sectores, por iso:

- Estamos a piques de aprobar o plan director do sector.
- Temos comprometidos 75 millóns de euros en axudas para tres anos, uns apoios destinados a que o sector auxiliar da automoción galego poida gañar en competitividade a nivel internacional.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Respecto á situación da empresa Faurecia, concretamente á súa planta de Ourense, podemos sinalar que a última información que se dispón na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a referida á tramitación dun ERTE por circunstancias organizativas de produción.

Despois das pertinentes reunións entre empresas e representantes dos traballadores e traballadoras, o 24 de xaneiro de 2025 presentouse a decisión final acordada entre ambas partes, na que se establecía un ERTE que afecta á totalidade da plantilla, cunha duración mínima ata o 30 de xuño e cun número máximo de xornadas de suspensión por persoa traballadora no período de aplicación de 30 xornadas. Do ERTE, exclúense ás persoas traballadoras contratadas baixo a modalidade de xubilación parcial.

A situación que describe a pregunta deberá articularse a través do correspondente procedemento de ERE, debendo ser a empresa quen xustifique as causas alegadas, aínda que esta Consellería, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, poña a disposición das partes a capacidade de mediación do mesmo, co fin de procurar chegar a unha solución satisfactoria para as partes implicadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:14:36



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27110**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os resultados obtidos mediante o Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas nos anos 2024 e 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Durante a anualidade 2024 ao abeiro deste programa concedéronse 225 axudas (ante 1.524 solicitudes) para un total de 1.529 vivendas por valor de 10.003.178,20 euros.

O crédito da convocatoria era insuficiente para atender toda a demanda presentada, polo que se ampliou con fondos remanentes da convocatoria de 2023 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas, destinado ao mesmo fin.

A convocatoria establecía dúas anualidades (2024 e 2025) con fondos asignados a cada unha delas. Ademais, dentro de cada anualidade había fondos asignados a axudas para persoas físicas e persoas xurídicas.

Na anualidade 2024 esgotouse o crédito correspondente a persoas físicas, polo que non foi posible conceder máis axudas.

O procedemento garantía que todas as persoas beneficiarias cumprisen os requisitos e, polo tanto, permitisen unha concesión áxil e eficaz das axudas.

A Xunta de Galicia cofinancia para este ano 2025 un 30 % do Plan de vivenda. De conformidade co disposto no ordinal terceiro da Resolución do 17 de marzo de 2025, pola que se procede á convocatoria das axudas do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI435B), *Crédito orzamentario*:

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas por un importe total de 5.298.873,00 euros, con cargo ás seguintes anualidades e aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



<i>Anualidade</i>	<i>Aplicación</i>	<i>Importe</i>
2025	11.81.451A.770.1	41.145,00 euros
	11.81.451A.780.0	3.216.728,00 euros
2026	11.81.451A.770.1	41.000,00 euros
	11.81.451A.780.0	2.000.000,00 euros

O financiamento desta convocatoria faise con cargo aos fondos finalistas do Estado asignados ás anualidades 2025 e 2026 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Ata o día de hoxe concedéronse 112 axudas, ante unhas 1.653 solicitudes, por importe de case 4 M€. Non está rematado o procedemento de concesións, polo que estas cifras incrementaranse ao remate da tramitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:08:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:08:00
Nº Rexistro: 3209
Data envío: 22/08/2025 12:08:00.481

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27111**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura do Goberno galego ante a posibilidade de impulsar un plan propio de mellora da accesibilidade do parque inmobiliario construído en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Durante a anualidade 2024 ao abeiro deste programa concedéronse 225 axudas (ante 1.524 solicitudes) para un total de 1.529 vivendas por valor de 10.003.178,20 euros.

O crédito da convocatoria era insuficiente para atender toda a demanda presentada, polo que se ampliou con fondos remanentes da convocatoria de 2023 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas, destinado ao mesmo fin.

A convocatoria establecía dúas anualidades (2024 e 2025) con fondos asignados a cada unha delas. Ademais, dentro de cada anualidade había fondos asignados a axudas para persoas físicas e persoas xurídicas

Na anualidade 2024 esgotouse o crédito correspondente a persoas físicas, polo que non foi posible conceder máis axudas.

O procedemento garantía que todas as persoas beneficiarias cumprisen os requisitos e, polo tanto, permitisen unha concesión áxil e eficaz das axudas.

A Xunta de Galicia cofinancia para este ano 2025 un 30 % do Plan de vivenda. De conformidade co disposto no ordinal terceiro da Resolución do 17 de marzo de 2025, pola que se procede á convocatoria das axudas do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas para o ano 2025, con carácter plurianual (código de procedemento VI435B), *Crédito orzamentario*:

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas por un importe total de 5.298.873,00 euros, con cargo ás seguintes anualidades e aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025:

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Anualidade	Aplicación	Importe
2025	11.81.451A.770.1	41.145,00 euros
	11.81.451A.780.0	3.216.728,00 euros
2026	11.81.451A.770.1	41.000,00 euros
	11.81.451A.780.0	2.000.000,00 euros

O financiamento desta convocatoria faise con cargo aos fondos finalistas do Estado asignados ás anualidades 2025 e 2026 do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Ata o día de hoxe concedéronse 112 axudas, ante unhas 1.653 solicitudes, por importe de case 4 M€. Non está rematado o procedemento de concesións, polo que estas cifras incrementaranse ao remate da tramitación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:07:48



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27172**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e don Carlos López Font, sobre **“as necesidades de transporte público directo entre O Morrazo e os hospitais do Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A oferta de servizos da concesión da Comarca do Morrazo inclúe conexións cos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro de forma directa e con transbordos na cidade de Vigo ás diferentes liñas do servizo urbano da cidade dende os concellos de Cangas e Moaña.

Na actualidade, existen 23 expedicións con sentido ida (O Morrazo – Vigo), 24 en tempada lectiva, e 23 en sentido volta (Vigo – O Morrazo), 26 en tempada lectiva.

En ambos os dous sentidos hai 9 directas e 14 con transbordo ao Hospital Álvaro Cunqueiro, e 6 directas e 17 con transbordo ao Hospital Meixoeiro. Os servizos directos ofrecen conexións en horarios adecuados ás quendas do persoal de ambos os hospitais.

O Goberno galego está sempre aberto a acometer modificacións que melloren o servizo pero estes cambios deben planificarse sempre coa premisa de que se trata de servizos de uso xeral, procurando que as melloras propostas se integren sen afectar negativamente ao resto de persoas usuarias do transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:32:33
Nº Rexistro: 31797
Data envío: 20/08/2025 12:32:33.835

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:32:33

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa consignación dos fondos necesarios para os arranxos das instalacións dos xulgados de Lugo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Executáronse as obras de reparación urxente da cuberta, que permiten paliar as deficiencias detectadas e impedirán que se produzan novas filtracións por entrada de auga nas dependencias.

Tamén se contratou o servizo de redacción do proxecto para a reforma integral da cuberta e seguidamente procederáse á licitación da obra por procedemento aberto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:32:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:32:26
Nº Rexistro: 31796
Data envío: 20/08/2025 12:32:26.084

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27195** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Ramón Fernández Alfonso e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre "**a crise da empresa Einsa Print, situada nas Pontes de García Rodríguez**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A empresa EINSA PRINT presentou o pasado 22 de febreiro de 2024 o documento da decisión empresarial de realizar un ERE no seu centro de traballo de As Pontes. Dito ERE afectou a 113 traballadores e traballadoras dun total de 240 e, as causas que alegou a empresa, foron de carácter produtivo -perda de clientes e redución do volume de encargos- e organizativas -axeitamento dos métodos de traballo ao nivel de actividade real-.

Antes do inicio deste ERE, celebrouse unha reunión na cidade de Ferrol, sendo daquela o propósito inicial da empresa realizar un ERE para a totalidade da plantilla. Despois do período de negociación chegouse a un acordo entre a empresa e a representación dos traballadores e traballadoras para reduci-lo á cantidade anteriormente mencionada.

Na actualidade, consta que o día 28 de abril de 2025 presentouse pola empresa unha comunicación ante a Dirección Territorial da Consellería de Emprego na que se fai saber que se está estudando a posibilidade de proceder a un cese de actividade total ante a imposibilidade de dar cumprimento ao plan de viabilidade presentado no ERE de 2024.

Esta comunicación realízase a efectos de cumprir co previsto na Disposición adicional sexta do Real Decreto 1483/2012 que obriga, nos casos de cese definitivo da actividade e o despido de máis de 50 traballadores e traballadoras, a efectuar a mesma cunha antelación de seis meses á comunicación do período de consultas.

Na comunicación realizada non consta, por parte da empresa, xustificación algunha que lle impedira cumprir o prazo sinalado de seis meses. Polo tanto e ata o momento, non se pode considerar iniciado o procedemento de ERE".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **“o criterio da Xunta de Galicia no referido ao impulso dunha campaña de sensibilización turística para a protección do patrimonio natural e dos bancos marisqueiros dos areas do Salnés”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xullo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 27254, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWl1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=7533>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o criterio da Xunta de Galicia no referido ao impulso dunha campaña de sensibilización turística nos areas do Salnés en contra do marisqueo ilegal e para a protección do seu patrimonio natural e económico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:15
Nº Rexistro: 31999
Data envío: 22/08/2025 09:43:15.086

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27310**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as características do programa Fogar Vivo, destinado a promover a entrada de vivendas privadas no mercado do alugueiro"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Fogar Vivo ten como finalidade a posta no mercado de alugamento do meirande número posible de vivendas de titularidade privada a través dunha renda accesible, así como a simplificación e axilización do procedemento de incorporación das vivendas.

Con este programa ponse en marcha unha das medidas previstas para a lexislatura 2024-2028, que foi anunciada o pasado 23 abril de 2025 polo Presidente da Xunta de Galicia no debate de Estado da Autonomía, dirixida a mellorar o acceso e a rehabilitación de vivendas.

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025, e na que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

Para consultar as seccións dispoñibles, así como os requisitos que deben de cumprir adxuntamos a resolución do 3 de xullo de 2025 pola que se regula o programa Fogar Vivo, e se establecen as bases reguladoras das súas axudas (código de procedemento VI426F), se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador (código procedemento VI426G), se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar Vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002_gl.html".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 14:48:34



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27346**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cecilia Vázquez Suárez e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da obra proxectada no paso da estrada AC-840 baixo a vía férrea no concello de Oza-Cesuras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A obra está adxudicada dende a primavera do ano 2024, pero non puido comezar a súa execución debido á necesidade de contar coa autorización para a execución da obra por parte de ADIF. O proceso para a súa obtención, que se leva tramitando dende hai máis de dous anos e cuxa dilación está prexudicando tanto á Xunta de Galicia como especialmente aos veciños de Oza - Cesuras, agárdase que culmine o antes posible e que poida comezar a execución da obra proximamente.

O obxecto do proxecto é habilitar un paso seguro para peóns e ciclistas non deportivos no P.Q. 8+280 da estrada AC-840, diferenciado dos carrís de circulación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31334
Data envío: 18/08/2025 14:11:45.792

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:45

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27383**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outros deputados e deputadas, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para cumprir a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o bono das persoas autónomas de 2022”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“A axuda do Bono das persoas autónomas ten por finalidade o apoio á consolidación das persoas autónomas -con antigüidade superior a 42 meses na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional- co obxectivo de contribuir á súa mellora competitiva. No ano 2023 recibíronse, na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, 1.886 solicitudes soamente nesta liña de axudas -Bono Autónomo- que tiveron que ser examinadas e resoltas nese ano, ao abeiro do dispostos nas bases reguladoras da axuda.

Un número tan elevado de expedientes provocaba lentitude na súa tramitación e resolución final, de maneira que, no ano 2023, introducíronse cambios nesa liña de axuda, para evitar e mitigar estas situacións.

En todo caso, cómpre lembrar que as axudas públicas xestiónanse ao amparo da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e da Lei 38/2023 Xeral de Subvencións, que recollen que, en aplicación dos principios de transparencia, eficacia na xestión e control do gasto público, os beneficiarios de subvencións públicas están obrigados a acreditar a realización efectiva dos gastos imputables ás axudas concedidas.

Neste sentido e co obxecto de garantir a adecuada trazabilidade e verificación do destino dos fondos públicos, os pagos correspondentes aos custos subvencionables deberán xustificarse mediante medios que permitan acreditar inequivocamente a transferencia de fondos desde a conta do beneficiario cara o provedor ou entidade receptora do pago. O uso de transferencias bancarias como único medio válido para a xustificación de pagos fundaméntase na necesidade de asegurar a existencia dun rastro documental verificable polos órganos de control, tal como esixe a normativa vixente. Non son admisibles pagos en efectivo, nin aqueles realizados mediante instrumentos que non permitan comprobar, de maneira suficiente, a súa trazabilidade.

Os reintegros solicitados ás persoas autónomas son aqueles derivados dos incumprimentos dalgunha das obrigas que se recollen nas bases reguladoras das axudas, segundo a natureza da mesma -menos do 1%- e, en ningún caso, derivados de razóns puramente formais, senón de razóns estritamente legais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto aos erros atribuíbles á propia Administración -por exemplo, unha duplicidade no pagamento ou unha concesión indebida por fallo técnico ou humano-, a porcentaxe de reintegros é baixa -menos do 0,5%- e, en todo caso, eses reintegros solicítanse ao amparo do principio de legalidade e do artigo 36 da Lei 47/2023 Xeral Orzamentaria, que regula a nulidade e anulabilidade dos actos de contido económico.

Ademais e como xa se mencionou con anterioridade, o procedemento do Bono das Persoas Autónomas foi modificado o pasado ano 2023 e, desde entón, os pagamentos ás persoas beneficiarias da axuda realízanse nun tempo medio de 2-3 meses desde a presentación da solicitude.

Para rematar, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración mantén unha relación constante e fluída coas asociacións de persoas autónomas a través de reunións periódicas da Mesa do Autónomo, coas que se consensuan todas as liñas anuais de axuda para as persoas autónomas, incorporándose nelas as achegas e propostas de ditas asociacións.

O apoio ás persoas autónomas é un eixo estratéxico do Goberno galego. Así, no marco deste impulso e co fin de facilitar o seu labor e avanzar na simplificación administrativa e burocrática, a Xunta de Galicia publicou este ano 2025, por primeira vez e unha soa orde de convocatoria, as axudas específicas para este colectivo, con máis de 40 millóns de euros. Trátase, como en anos anteriores, dunha orde consensuada con este colectivo dentro da Mesa do Traballo Autónomo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:28



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27389**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Silvia Longueira Castro e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da implantación do novo programa xudicial Atenea en lingua galega”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Xustiza en resposta á pregunta oral en Comisión número 27390, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 2 de xullo de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director de Xustiza pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=10172](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=10172)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=10694”](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZkYmMyMjEtNWJiYS00MDI0LWFiNzEtNzQyZWRhZWRLN2Qy&start=10694).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31330
Data envío: 18/08/2025 14:11:23.286

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27395**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Luis Bará Torres, sobre **“o estado no que se atopa a actualización do documento técnico da modificación da Vía Ártabra”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A prioridade da Xunta de Galicia é retomar o proceso para conexión coa AP-9, e a medio prazo chegar á conexión coa A-6.

A Xunta executou a conexión da Vía Ártabra coa N-VI en Iñás. Esta parte xa executada baseouse, fundamentalmente, en completar o enlace a tres niveis coa N-VI, que quedou preparado para a súa prolongación cara a AP-9.

A Xunta está a traballar no desenvolvemento dun novo trazado (de nome Autovía AG-13 (Vía Ártabra). Treito NVI-AP-9) nun proxecto que ten en conta o trazado xa executado do anterior proxecto.

Este proxecto, con base no que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes para o enlace coa AP-9, incluirá:

Enlace coa AP-9: un enlace en semitrébol, cunha única estrutura.

Redución da afección ambiental á área Húmida de A Gándara.

Optimización do deseño do enlace coa estrada AC-221.

O proceso para continuar coa Vía Ártabra está previsto do seguinte modo: Someterase de novo a información pública o proxecto de trazado do treito entre a N-VI e a AP-9, que contaba xa co informe favorable do Ministerio de Transportes no que se refire á súa conexión coa AP-9. Este proxecto de trazado someterase tamén a avaliación de impacto ambiental.

No momento actual estase a supervisar o proxecto de trazado entregado.

Prevese que tralo verán se inicie a tramitación e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas traballa para poder someter o proxecto de trazado a información pública antes de que remate o ano”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:11:10



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27468** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, dona Noa Presas Bergantiños, don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, dona Sonia Vidal Lamas e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"situación salarial no sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia como órgano de mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, continúa a súa labor activa dentro das competencias que posúe e que está a exercer.

A mesa negociadora que se constituíu continúa activa e a patronal reiterou a súa vontade de alcanzar un acordo que posibilite a firma do convenio colectivo.

Galicia segue avanzando no fortalecemento do seu mercado laboral e no emprego de calidade. O Goberno galego aposta por unha xornada laboral flexible, que beneficie aos traballadores e traballadoras e ao rendemento e competitividade das empresas, sempre baseándose no diálogo con todos os axentes sociais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:10:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31326
Data envío: 18/08/2025 14:10:59.217

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27502** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as medidas que prevé impulsar o Goberno galego ante a crise da empresa Guidoni Quartz en Narón"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 2 de abril de 2025, Estados Unidos anunciou a imposición dun arancel do 20% a todas as importacións procedentes da Unión Europea, unha medida que entrou en vigor o día 9 dese mesmo mes e, pouco despois, o presidente Trump decretou unha pausa de 90 días na maioría destas tarifas.

Esta decisión, de carácter unilateral, forma parte dun novo ciclo de tensións comerciais que ameaza con alterar o equilibrio das relacións económicas globais, xerando incerteza nos mercados e obrigando a revisar estratexias de internacionalización en moitas rexións do mundo, tamén en Galicia.

Desde o primeiro momento, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha resposta coordinada para apoiar ás empresas galegas máis expostas a esta nova política arancelaria. Sabemos que internacionalizar non é unha opción, senón unha necesidade estratéxica para consolidar o noso modelo económico e garantir o crecemento sostido da nosa comunidade.

Neste contexto, damos conta das medidas que estamos a impulsar como goberno para afrontar a actual situación económica. Medidas deseñadas para anticiparse aos efectos dos aranceis, mitigar o seu impacto e, sobre todo, abrir novas oportunidades para que as nosas empresas sigan avanzando.

O Goberno galego xa puxo en marcha, con carácter inmediato e anticipándose aos efectos da nova política arancelaria dos Estados Unidos, un conxunto integral de medidas deseñadas especificamente para apoiar aos sectores produtivos galegos centrado na diversificación de mercados, o asesoramento internacional e o financiamento das empresas afectadas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Galicia non pode nin debe resignarse ante as tensións do comercio internacional. O noso modelo exportador é un dos piares do crecemento económico da comunidade, e o apoio institucional debe estar á altura dos desafíos.

O seu compromiso reafírmase coa internacionalización das empresas galegas, co seu talento e capacidade para adaptarse a abrirse ao mundo. Reforzamos ese compromiso con medidas específicas, realistas e eficaces, desde a escoita activa, a colaboración e a anticipación, para seguir exportando calidade, innovación e confianza”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:10:38



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27547**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, dona Lara Méndez López, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación laboral do persoal do comercio de alimentación na provincia de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia como órgano de mediación, a través do Consello Galego de Relacións Laborais, continúa a súa labor activa dentro das competencias que posúe e que está a exercer.

A mesa negociadora que se constituíu continúa activa e a patronal reiterou a súa vontade de alcanzar un acordo que posibilite a firma do convenio colectivo.

Galicia segue avanzando no fortalecemento do seu mercado laboral e no emprego de calidade. O Goberno galego aposta por unha xornada laboral flexible, que beneficie aos traballadores e traballadoras e ao rendemento e competitividade das empresas, sempre baseándose no diálogo con todos os axentes sociais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31321
Data envío: 18/08/2025 14:10:25.520

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:10:25

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27495**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as demandas trasladadas ao Goberno de España para mellorar a coordinación en materia de vivenda"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O asunto que motiva a pregunta xa foi respostado en pregunta oral 19153 ao Goberno galego no pleno do pasado 25 de xuño por parte da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lles remitimos:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/HzbRGNJcwF9lCiUU2kylsHjrsbTFll7mWy9sZ4mGX9tfGet> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:10:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31324
Data envío: 18/08/2025 14:10:45.161

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 27788**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o grao de disposición que amosa a Xunta de Galicia a asumir a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A unidade de atención temperá da Mariña, situada en Burela, presta servizo aos concellos de Burela, Viveiro, Xove, Cervo, O Vicedo, Foz, Ribadeo e O Valadouro e recibe un investimento anual da Xunta de 122.000€.

Está financiada pola Xunta desde 2016 a través da primeira orde de axudas destinadas a concellos cofinanciada con FSE (inicialmente era a agrupación de Concellos de Burela, Alfoz e Lourenzá).

O servizo de atención temperá de Burela é de titularidade municipal financiado pola Xunta na súa totalidade, polo que a súa organización e funcionamento é competencia da actual corporación municipal.

Así foi desde os seus inicios hai máis de 20 anos, nos que a unidade funcionou con total normalidade e sen incidencias.

E así é coas 47 unidades de atención temperá municipais que existen en Galicia grazas á orde de axudas que saca a Xunta para financiarlas ao 100%.

Pero polas características desta unidade (dá servizo a unha poboación que supera os 40.000 habitantes) estes concellos terían dereito a unha axuda de máis de 220.000€ ao ano, para financiar 5 ou 6 profesionais cun límite de 3.440 horas por profesional. A realidade é que tan só solicitaron tres profesionais e 3.000 horas por cada un.

No que respecta ao servizo de logopedia, unha vez finalizado o contrato laboral da profesional, como a normativa laboral impide repetir este tipo de contratación, a opción dispoñible que teñen estes concellos é contratar externamente este servizo de forma provisional. Unha alternativa á que aos servizos sociais de Burela lles pareceu ben.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A atención temperá é un servizo que require da implicación de todos, especialmente das administracións. A Xunta cumpre con este compromiso destinando cada ano máis esforzos económicos a manter e incrementar as unidades de atención temperá. Na actualidade destinamos máis de 8M€ a financiar ao 100% as 51 unidades de atención temperá de ámbito social e municipal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:15:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31535
Data envío: 19/08/2025 16:15:49.960

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outros deputados e deputadas, sobre **“a situación en Galicia do emprego no sector primario”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os últimos resultados anuais da Enquisa de Poboación Activa, en Galicia, desde 2008 (inicio da serie comparable), a ocupación no sector primario descendeu nun 24,66%. Que o medio rural perdese ocupación non é algo que aconteza só na nosa comunidade, senón que é case xeneralizado. Só catro CCAA gañaron ocupación segundo a EPA neste sector: La Rioja, Murcia, Aragón e Andalucía. Galicia sitúase como a 5ª comunidade na que menos baixa a ocupación no período 2008-2024 (entre as 13 CCAA nas que baixou a ocupación: a que menos baixa é Castilla La Mancha (-9,34%) e a que máis baixa é Cantabria (-49,50%), Galicia sitúase na 5ª posición (-24,66%) de menos a máis. En España a ocupación baixou nun 9,19%).

Parte da caída que experimentou este sector estaría explicada pola falta de remuda xeracional do agrogandeiro galego. A nosa comunidade é a segunda máis envellecida de España (despois de Asturias), circunstancia que repercute no peche daquelas granxas agrogandeiras nos que se dan de baixa os titulares por xubilación e non contan cunha remuda xeracional que permita perpetuar o negocio. Na súa contra tamén segue a xogar un papel negativo a estrutura aínda predominantemente minifundista das granxas galegas, no actual contexto económico só sobreviven as explotacións mellor dimensionadas e máis profesionalizadas: canto maior sexa o seu tamaño máis viables son economicamente.

De todos os xeitos, segundo os últimos resultados anuais da EPA difundidos polo INE, en 2024 o sector primario galego contaba con 72.700 persoas ocupadas, experimentando unha baixada con respecto ao ano anterior dun 1,89%, baixada menos intensa que a que rexistrou o conxunto do Estado, onde a ocupación no primario descendeu nun 1,98%. Nos tres últimos anos Galicia leva experimentando mellores resultados en termos de variación anual relativa que España no sector primario. Así, en 2022 creceu anualmente a ocupación en Galicia nun 1,16%, mentres en España diminuíu nun 2,38%, e en 2023 Galicia experimentaba un crecemento do 6,62%, mentres España diminuíu en 3,91%.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Se ben, este retroceso do primario non afecta por igual a todas as ramas económicas que o compoñen. Se acudimos a datos de afiliacións á Seguridade Social (xa que a EPA non permite esta desagregación) o subsector da silvicultura e explotación forestal (incluído no sector primario xunto co agrogandeiro e a pesca) amosa unha tendencia crecente dende o ano 2013.

Cabe sinalar que o sector da madeira e forestal está considerado como sector estratéxico de Galicia. De feito, no ano 2024 experimentouse un incremento interanual do +1,01% (comparativa decembro do 2023-decembro 2024), ata os 4.514 traballadores. Con respecto ao inicio da serie (2005), o incremento porcentual foi do 219% (comparativa dec2005: 1.413-dec 2024: 4.514), (+3.101 afiliacións máis), é dicir, temos máis do triple de afiliacións no sector forestal que as que había hai case vinte anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:21:03



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 28173**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e outros deputados e deputadas, sobre **“a evolución do emprego no sector primario de Galicia entre 2008 e 2024”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os últimos resultados anuais da Enquisa de Poboación Activa, en Galicia, desde 2008 (inicio da serie comparable), a ocupación no sector primario descendeu nun 24,66%. Que o medio rural perdese ocupación non é algo que aconteza só na nosa comunidade, senón que é case xeneralizado. Só catro CCAA gañaron ocupación segundo a EPA neste sector: La Rioja, Murcia, Aragón e Andalucía. Galicia sitúase como a 5ª comunidade na que menos baixa a ocupación no período 2008-2024, (entre as 13 CCAA nas que baixou a ocupación: a que menos baixa é Castilla La Mancha (-9,34%) e a que máis baixa é Cantabria (-49,50%), Galicia sitúase na 5ª posición (-24,66%) de menos a máis. En España a ocupación baixou nun 9,19%).

Parte da caída que experimentou este sector estaría explicada pola falta de remuda xeracional do agrogandeiro galego. A nosa comunidade é a segunda máis envellecida de España (despois de Asturias), circunstancia que repercute no peche daquelas granxas agrogandeiras nos que se dan de baixa os titulares por xubilación e non contan cunha remuda xeracional que permita perpetuar o negocio. Na súa contra tamén segue a xogar un papel negativo a estrutura aínda predominantemente minifundista das granxas galegas, no actual contexto económico só sobreviven as explotacións mellor dimensionadas e máis profesionalizadas: canto maior sexa o seu tamaño máis viables son economicamente.

De todos os xeitos, segundo os últimos resultados anuais da EPA difundidos polo INE, en 2024 o sector primario galego contaba con 72.700 persoas ocupadas, experimentando unha baixada con respecto ao ano anterior dun 1,89%, baixada menos intensa que a que rexistrou o conxunto do Estado, onde a ocupación no primario descendeu nun 1,98%. Nos tres últimos anos Galicia leva experimentando mellores resultados en termos de variación anual relativa que España no sector primario. Así, en 2022 creceu anualmente a ocupación en Galicia nun 1,16%, mentres en España diminuíu nun 2,38%, e en 2023 Galicia experimentaba un crecemento do 6,62%, mentres España diminuíu en 3,91%.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Se ben, este retroceso do primario non afecta por igual a todas as ramas económicas que o compoñen. Se acudimos a datos de afiliacións á Seguridade Social (xa que a EPA non permite esta desagregación) o subsector da silvicultura e explotación forestal (incluído no sector primario xunto co agrogandeiro e a pesca) amosa unha tendencia crecente dende o ano 2013.

Cabe sinalar que o sector da madeira e forestal está considerado como sector estratéxico de Galicia. De feito, no ano 2024 experimentouse un incremento interanual do +1,01% (comparativa decembro do 2023-decembro 2024), ata os 4.514 traballadores. Con respecto ao inicio da serie (2005), o incremento porcentual foi do 219% (comparativa dec2005: 1.413-dec 2024: 4.514), (+3.101 afiliacións máis), é dicir, temos máis do triple de afiliacións no sector forestal que as que había hai case vinte anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 12:20:52

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15536**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas que prevé poñer en marcha a Consellería de Sanidade co obxectivo de rebaixar as listaxes de agarda para consultas, cirurxía e probas diagnósticas nos hospitais públicos de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Conforme os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia situouse, a 31 de decembro de 2024 con 67 días de tempo medio de espera, como a 4ª Comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica. Rexistrou, a decembro de 2024, 59 días menos de espera que a media española, que foi de 126 días.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 6 meses por unha cirurxía sitúase en Galicia nun 3,9 % fronte á media nacional que é dun 22,9, o que supón un 19 % menos.

Por outra banda, o tempo medio de espera para unha primeira consulta en Galicia foi de 61 días, mentres que a media do Sistema Nacional de Saúde foi de 105 días. Isto supón que estamos 44 días por baixo da media española. Galicia sitúase como a 3ª comunidade con mellores tempos de espera, subindo posicións: da 5ª á 3ª comunidade con mellor demora.

Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días para a primeira consulta é inferior en máis de 26 puntos porcentuais respecto á media nacional: un 36 % en Galicia fronte á media nacional dun 62,3 %. Galicia mellora a súa posición pasando do 5º ao 2º posto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:04:48



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15670**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Oscar Insua Lema,, sobre **"determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesamos a comarca Deza-Tabeirós e Terra de Montes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia constata unha mellora notable no comportamento demográfico da Comunidade Autónoma, que se está a traducir nunha recuperación do número de habitantes que oficialmente residen en Galicia.

Así, no ano 2024 a poboación de Galicia medrou por segundo ano consecutivo e volveu superar a barreira dos 2,7 millóns de habitantes, mantendo a tendencia á alza do ano anterior. Ademais, a cifra oficial de poboación que rexistra a Comunidade Autónoma de Galicia é a máis elevada desde o ano 2017.

O comportamento positivo da evolución da poboación total de Galicia é consecuencia principalmente do excepcional saldo migratorio que rexistran as catro provincias galegas nos últimos anos, que fai que o número de entradas na comunidade autónoma sexa superior ao de saídas tanto en relación con outras comunidades autónomas de España como tamén co estranxeiro.

No caso concreto das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, os datos correspondentes a 2024 que se veñen de facer públicos non mostran un "acelerado ritmo de despoboación" como se indica na pregunta. En ambos casos, a poboación mantívose totalmente estable sobre o ano anterior, con variacións do -0,2% e do -0,004%, respectivamente.

Tamén convén puntualizar que en Galicia, a diferenza do que sucede noutras zonas de España, non existe na actualidade ningún concello cuxa pervivencia estea en perigo por falta de poboación. Proba disto é que en España hai máis de 1.400 municipios cunha poboación inferior a 100 habitantes, mais ningún deles está en Galicia.

En todo caso, a Xunta de Galicia vai continuar aplicando a folla de ruta establecida na Lei de Impulso Demográfico aprobada polo Parlamento de Galicia no ano 2021, e que se está a mostrar un instrumento eficaz á hora de dinamizar a demografía galega e favorecer o asentamento da poboación nas zonas menos poboadas e a captación de poboación."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31664
Data envío: 19/08/2025 17:10:23.718

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:10:23

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15676**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fennández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"determinadas cuestións respecto do protocolo vacinal da lingua azul"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural, xa dende o inicio da campaña de vacinación obrigatoria de Lingua Azul, en concreto no mes de abril do ano 2023, facilitou a todo o persoal veterinario privado e de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira que así o desexara, a vacinación de bovinos e ovinos, poñendo á súa disposición sen custo algún as doses vacinais que este persoal demandara.

A continuación infórmase do número de animais vacinados por persoal veterinario externo á xestión da Xunta de Galicia en cada ano de vacinación:

ANO 2023

Vacinación de 29.228 bovinos en 1.265 explotacións e 3.918 ovinos en 58 explotacións.

ANO 2024

Vacinación de 161.124 bovinos en 6.869 explotacións e 9.270 ovinos en 345 explotacións.

Como información adicional, a continuación figuran os datos de vacinación realizados cos medios propios da Consellería do Medio Rural

ANO 2023

Vacinación de 301.730 bovinos en 9.573 explotacións e 74.385 ovinos en 6.112 explotacións.

ANO 2024

Vacinación de 810.372 bovinos en 28.166 explotacións e 116.340 ovinos en 11.068 explotacións. En termos porcentuais:

2023	BOVINO	OVINO	2024	BOVINO	OVINO
CMR	91.17%	83.42%	CMR	95%	92.70%
PERSOAL ALLEO	8.83%	16.58%	PERSOAL ALLEO	5%	7.30%
TOTAL	100%	100%	TOTAL	100%	100%

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:10:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31662
Data envío: 19/08/2025 17:10:10.812

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15721**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a valoración que o Goberno galego realiza en relación coa situación do Punto de Atención Continuada (PAC) de Santa Cruz, no concello de Oleiros, así como sobre a previsión que a Xunta de Galicia ten de incrementar a dotación de persoal sanitario neste mesmo punto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Oleiros conta con 4 centros asistenciais e 82 profesionais que integran o servizo de atención primaria de Oleiros, onde residen 36.000 cidadáns con tarxeta sanitaria e dispoñen da totalidade da carteira de servizos establecida para a atención primaria no seu concello.

O servizo de atención primaria de Oleiros está dimensionado tras un estudo de ratios de poboación, frecuencias e demanda propia de cada centro.

Con respecto ás ausencias regulamentarias da matrona titular, dado que na actualidade non existe dispoñibilidade de enfermeiras especialistas obsteto-xinecolóxicas en situación de desemprego, reorganizouse a asistencia dispoñendo doutra matrona da área sanitaria da Coruña e Cee nos períodos nos que non se pode contar con persoal substituto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:09:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31659
Data envío: 19/08/2025 17:09:47.361

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15723**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a falta de persoal médico no Hospital Comarcal de Valdeorras, situado no concello do Barco de Valdeorras, e tamén sobre as previsións que Goberno galego ten a este respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A asistencia sanitaria da poboación do distrito sanitario do Hospital Público do Barco de Valdeorras está garantida en todo momento.

A Xunta puxo en marcha medidas que incentivan a cobertura dos hospitais comarcais, como as prazas en propiedade por concurso de méritos, maior valoración da experiencia profesional, vantaxes na carreira profesional, priorización nos cursos formativos e participación en proxectos piloto e de investigación, medidas ás que os grupos da oposición do Parlamento galego votaron en contra.

Grazas ás últimas convocatorias incorporáronse ao cadro de persoal médico do hospital comarcal de Valdeorras 23 profesionais e proximamente resolveranse dous procesos selectivos cos que se cubrirán as vacantes pendentes das ofertas previas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:09:35

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 15731**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e don Luis Bará Torres, sobre **"a situación dos accesos á residencia asistida de maiores de Oleiros (RAMO), situada no concello de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Igualdade atende as necesidades de todos os centros da súa competencia, entre eles, a Residencia Asistida de Maiores de Oleiros.

Unha residencia na que a Xunta de Galicia levou a cabo obras de mellora que repercuten no benestar dos usuarios e traballadores da mesma."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:09:22



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15803**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmovible que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Esta iniciativa foi respondida polo conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude en sesión plenaria do día 03/12/2024, con número de rexistro 14946 e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pódese acceder á resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM4YmI2ODQ0tMGZhOS00YWRLTLlnjMtNzFhMmE5MGZlYzI3&start=16584> ."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:09:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31653
Data envío: 19/08/2025 17:09:09.399

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a un eventual cambio da súa política asistencial no ámbito das residencias de maiores”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta hoxe con máis de 16.000 prazas públicas residenciais, tres veces máis que en 2009.

A esta cifra sumaremos este mesmo ano máis prazas públicas de atención a maiores, coa posta en funcionamento das novas residencias públicas impulsadas pola Fundación Amancio Ortega. E da residencia da Xunta en Antas de Ulla (56 prazas).

Seguiremos incrementando esta oferta de maneira progresiva e coa creación, a través do Plan de Investimentos, de 650 novas prazas en residencias e centros de día municipais.

O noso obxectivo non é limitar a unha soa as opcións para envellecer. Así, nos últimos anos reforzamos os servizos de proximidade e os coidados nos domicilios para os que queren envellecer nas súas casas e ao carón dos seus, que é a opción preferida. Por iso, seguiremos apostando por iniciativas pioneiras como o Bono Coidado no Fogar ou as Casas do Maior.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:27:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31690
Data envío: 19/08/2025 17:27:09.386

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15808** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Mercedes Queixas Zas, don Ramón Fernández Alfonzo e don Luis Bará Torres, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da mellora da dotación dos equipos de valoración e orientación da dependencia, o financiamento do Servizo de Atención no Fogar e o modelo de xestión das residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega (FAO)”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“ No que respecta ao persoal contratado con cargo aos fondos europeos dentro do Plan de reforzo dos EVO de discapacidade e dependencia temos que indicar que ditos planes teñen vixencia ata o ano 2027, tal e como se recolle no Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en decembro do ano 2024.

Os programas temporais son cubertos por funcionarios interinos, e o artigo 10.3 do Estatuto Básico do Empregado Público - normativa básica estatal - establece que a duración non pode ser superior a tres anos, ampliado en 12 meses, polo que pasados os catro anos de ocupación dunha praza o funcionario interino ten que cesar, o que no quere dicir que a praza non sexa ocupada de novo.

Tamén, e gracias ao Plan de axilización e simplificación dos trámites de Dependencia e Discapacidade, se crearon as xefaturas de servizo de discapacidade nos catro departamentos territoriais, o que permitirá ter xefaturas de servizo en exclusiva para cada área: dependencia e discapacidade en todas as provincias. Ademais reforzouse a área de dependencia con 11 novos profesionais.

Hai que recordar que desde o ano 2021, o Goberno galego incrementou o persoal dedicado directamente á dependencia.

Por outro lado, o Goberno galego destina este ano ao financiamento do SAF 140 millóns de euros, un 8% máis que o exercicio anterior. É dicir, máis apoio económico para axudar aos concellos a facer fronte ao custo deste servizo, que é unha competencia municipal, tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 11.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais xa iniciamos unha negociación coa Fegamp que nos permitirá seguir impulsando a mellora do financiamento do SAF. Confiamos en que o Goberno central tamén se implique na mellora do financiamento deste servizo e da dependencia no seu conxunto, cumprindo o disposto na lei.

Por último, o procedemento seguido para a licitación da xestión das novas residencias de maiores da Xunta impulsadas pola Fundación Amancio Ortega cumpre coa lei de contratos do sector público.

A xestión de centros ou servizos sociosanitarios por parte de entidades de iniciativa social ou privadas é unha fórmula que adoptan todas as administracións, con independencia de quen as governe.

É importante salientar que as sete residencias que constrúe, financia e equipa a Fundación Amancio Ortega formarán parte da rede pública da Xunta e todas as súas prazas serán públicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:26:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31688
Data envío: 19/08/2025 17:26:53.990

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15825**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, don Luís Bará Torres, dona Sonia Vidal Lamas, dona Montserrat Valcárcel Armesto, dona Ariadna Fernández González, dona Olalla Rodil Fernández e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a postura da Xunta de Galicia diante das conclusións do informe do Consello da Cultura Galega verbo da instalación en Palas de Rei da planta de produción de celulosa da empresa Altri"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 25 de setembro de 2024 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 10609.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 25 de setembro de 2024:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzAzNGNhY2MtMTYzMi00ZmU1LWFkZDEtY2I2ZjZmYzRkNzhhh&start=13241> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31686
Data envío: 19/08/2025 17:26:39.240

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:26:38

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15833**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas e outros deputados e deputadas, sobre **“o labor que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir a saída de becerros galegos a outras comunidades, promover a transformación local da carne en Galicia e, consecuentemente, xerar un maior valor engadido no propio territorio e mellorar as rendas dos gandeiros”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é a terceira comunidade autónoma en produción de carne de vacún, con 96.400 t en 2023, (case un 14% do conxunto de España), despois de Cataluña e Castilla y León (Indicadores económicos vacún de carne 2023 do MAPA).

En base a esta importancia, a Consellería do Medio Rural elaborou a estratexia da dinamización do sector cárnico de Galicia 2022-2030. Na páxina 161 desta estratexia indícase que industria cárnica galega non consegue colocar o seu produto no mercado de alto valor engadido, cando menos ó nivel que o está facendo para o conxunto das empresas españolas, o cal concorda co menor peso en Galicia dos produtos elaborados.

Co fin de mellorar esta situación, a Consellería leva moitos anos facendo convocatorias anuais da axuda á transformación e comercialización de produtos agrarios, na que son beneficiadas industrias cárnicas, entre outras. A convocatoria 2024 contou con 30 millóns de euros de orzamento.

Por outra banda, os produtores de vacún prefiren cubrir os seus custos mediante un prezo xusto polos seus produtos, en troques de percibir subvencións con este fin. Non cómpre esquecer a folga de venda de becerros deste verán, organizada por unha asociación de gandeiros, por mor dos baixos prezos da carne de vacún. A Consellería adicou en 2024 case 12 millóns de euros para subvencionar os becerros acollidos á IXP Ternera Gallega.

Finalmente, cómpre indicar que a Consellería do Medio Rural está a favor da organización dos produtores para facer fronte ós seguintes elo da cadea de valor, de xeito que teñan maior poder negociador dos seus prezos e acceso a máis mercados, co fin de asegurar a súa sustentabilidade económica”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:26:30



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15913** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a implantación, por parte da Xunta de Galicia, do Plan galego de residencias libres de suxeicións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Ante a falta dunha normativa estatal común que regulase as suxeicións nas residencias, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en dotarse dun plan para eliminalas.

Así, para eliminar o uso de medidas de contención levamos tempo traballando intensamente na formación continua do persoal, na adaptación dos espazos para facelos máis accesibles, e no uso de novas tecnoloxías para a detección de caídas e outras incidencias.

A residencia Torrente Ballester da Coruña é a primeira de Galicia recoñecida como centro libre de suxeicións. Unha acreditación concedida pola Confederación Española de Organizacións de Maiores (CEOMA) e que pon en valor o traballo diario do persoal da residencia e tamén novo modelo de coidados centrado na persoa e no seu benestar posto en marcha polo Goberno galego.

A Torrente Ballester é a primeira en obter este recoñecemento, pero non será a única, xa que seguiremos ampliando esta certificación ao resto de centros da Xunta.

A Xunta procura un trato máis humano e próximo aos usuarios das residencias para que sintan como nas súas casas. Por iso, apostamos por eliminar o uso de medidas de contención sempre que sexa posible."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:26:01

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15973**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o nivel de execución orzamentaria das partidas destinadas ao Instituto Galego de Vivenda e Solo en 2023 e as medidas que pensa aplicar a Xunta de Galicia para mellorar estas cifras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O contido desta pregunta xa foi contestado a través da moción 4096 debatida en Pleno do pasado día 28/05/2024.

Asemade adxuntamos o link do mesmo:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTNmZmJlN2YtNmQ5Ni00NGI1LWFjMDctMmQzNTYzZGlyZGUw&start=12343>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:25:49



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15974** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“os avances acadados en materia de dereitos para as persoas con discapacidade na última década e as previsións para os vindeiros anos, así como o cumprimento das obrigas en materia de inclusión e de supresión de barreiras”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“ Detállanse os avances acadados en Galicia en materia de dereitos para as persoas con discapacidade na última década e as previsións futuras:

Reforzo da rede galega de atención temperá: En 2009 tan só había dúas unidades que daban servizo a 14 concellos e 160 familias. Hoxe contamos cunha rede de 51 unidades que prestan servizo a 200 concellos e preto de 6.000 familias

Posta en marcha do concerto social: Achegamos seguridade e estabilidade ao tecido asociativo coa posta en marcha do concerto social, un novo modelo de financiamento que substitúe os antigos contratos de prazas concertadas.

Novas prazas para discapacidade: Seguimos a incrementar o número de prazas de atención diúrna e residencial.

Investimento para a reforma, ampliación ou creación de novos centros para a discapacidade:

A finais de 2022 puxemos en marcha unha orde de investimentos para entidades sociais segundo a cal poñemos á súa disposición 13 M€ para que 10 entidades sociais reformen ou creen novos centros.

Tamén asinamos convenios de colaboración con asociacións para que poidan continuar cos seus proxectos residenciais, como foi o caso de Adapta (Cogami) en Pontearreas ou de Saúde Mental As Pontes (Feafes).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



A través da convocatoria de axudas anual do IRPF poñemos á disposición das entidades sociais financiamento para desenvolver os seus programas e para facer obras nos seus centros.

Fomento da accesibilidade: Para axudar a erradicar barreiras, tanto físicas como cognitivas ou de comunicación.

Uns avances que seguirán medrando e para o que se require do compromiso de todas as administracións ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31678
Data envío: 19/08/2025 17:25:42.422

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:25:42

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 15980**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as novidades que o Goberno galego pensa introducir en 2025 na súa política de loita contra o risco de pobreza en familias con menores ao seu cargo e a valoración das medidas que se están a tomar na actualidade”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Estamos a facer un traballo decidido na loita contra a exclusión social. Por iso temos as taxas de pobreza máis baixas desde que hai rexistros.

Os datos do INE revelan que Galicia sitúase como a comunidade que máis reduciu no último ano a taxa AROPE, un período de tempo no que case 200.000 galegos abandonaron esta condición.

No último ano o risco de pobreza e exclusión social experimentou unha redución sen precedentes, colocando a Galicia como a cuarta comunidade con menor taxa de risco de pobreza e exclusión social. E sendo, ademais, a taxa AROPE máis baixa rexistrada na serie histórica.

Galicia é a comunidade coa taxa de pobreza e/ou exclusión social (ARPE) infantil máis baixa de España en 2024, situándose nun 16%, moi por debaixo do 34,4% do conxunto nacional. Isto supón unha baixada de case 10 puntos, a maior redución anual.

Continuamos desenvolvendo medidas para aquelas persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade:

(1) A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), para que reciban esta prestación todas as persoas que non queren ou non puideron transitar ao Ingreso Mínimo Vital (IMV). Unha prestación á que este ano dedicamos 46 M€

(2) As Axudas de Inclusión Social (AIS) para a compra de comida, de roupa, o pago da vivenda ou produtos de farmacia. Con 5 M€ anuais e 4.000 beneficiarios.

(3) O complemento autonómico ás Pensións Non Contributivas (PNC), que benefician ao redor de 37.000 persoas na nosa Comunidade, e ao que se destinan 8 M€.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



(4) Ou as ordes de axudas para concellos e entidades de iniciativa social para desenvolver programas de interese social.

Por outro lado, a pobreza da infancia está relacionada coa pobreza da unidade familiar, por iso as medidas que promovemos desde a Xunta e que se orientan á infancia están comprendidas dentro dun enfoque con perspectiva familiar.

Por iso, poñemos en marcha iniciativas que favorezan a conciliación e, por tanto, a inclusión sociolaboral para acceder a un emprego, como:

A gratuidade das escolas infantís 0-3. Galicia foi a primeira comunidade en implementar a gratuidade nas escolas infantís para todos os nenos de 0 a 3 anos, aliviando a carga económica das familias.

Deducións fiscais. Galicia foi a primeira comunidade en equiparar fiscalmente no tramo autonómico do IRPF ás familias con dous fillos coas familias numerosas.

Axudas para a redución de xornada laboral. Para chegar a un maior equilibrio na repartición das tarefas e dos coidados. Con esta medida favorécese a empregabilidade e a promoción profesional das mulleres.

Bono Concilia. Para axudar ás familias para conciliar durante as vacacións escolares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31734
Data envío: 19/08/2025 17:51:56.877

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:51:56

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16016**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración respecto do funcionamento do transporte ferroviario durante as festas do Nadal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes durante a comparecencia a petición propia, número de rexistro 26638, para informar sobre a situación do transporte en Galicia e que tivo lugar no Pleno celebrado o pasado 10 de xuño de 2025, á que nos remitimos e que pode verse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:58:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31994
Data envío: 21/08/2025 22:58:08.898

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16018**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as accións que prevé levar adiante o Goberno galego co obxectivo de mellorar a atención do Centro de Información á Muller de Ponteareas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A Xunta de Galicia é consciente do papel fundamental dos CIM de Galicia como recurso de acompañamento ás mulleres, a atención ás vítimas de violencia de xénero, para o desenvolvemento de programas de promoción da igualdade e tamén para o acompañamento ás persoas LGBTI. Por ese mesmo motivo estamos traballando no Plan integral de actuación para a renovación e impulso deste centros co obxectivo de coñecer a realidade de todos eles, diferenciando entre as necesidades no urbano e no rural. Facémolo a través dunha escoita activa do persoal dos centros , tamén o de Ponteareas, a través de diferentes ferramentas e, posteriormente, elaborárase o plan con obxectivos e medidas concretas.

O Goberno galego é consciente da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, que son de titularidade municipal. Por iso poñemos en marcha este plan e por iso o acompañamos neste 2025 cun incremento orzamentario de 30,6% superando os 6,5 M€ en 2025: un aumento dun 13,6% para o pago do persoal e un 30% máis para apoiar as accións de promoción da igualdade e prevención de violencia de xénero. Ademais, haberá apoios para mellorar o equipamento dos centros e seguiremos impulsando o plan de formación do persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:51:41



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16034**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Óscar Insua Lema, sobre **"a situación actual dos cadros de persoal nas unidades xudiciais de Galicia, as medidas de reforzo adoptadas e as prazas solicitadas nos últimos cinco anos ao Goberno central por parte da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Na actualidade (agosto de 2025), están activas 30 prolongacións de xornada en 20 unidades xudiciais; en canto ao persoal de reforzo, están contratadas 48 persoas que actúan reforzando 36 unidades xudiciais segundo o establecido na Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia de conformidade co establecido na Lei orgánica do poder xudicial 6/1985, do 1 de xullo.

En canto ao número de medidas de reforzo adoptadas, no ano 2024 concedéronse 909 prolongacións de xornada en 136 unidades xudiciais. Ademais, 87 unidades xudiciais contaron con 103 persoas de reforzo, o que serve de referencia como cómputo anual.

A evolución do cadro de persoal nos últimos cinco anos reflicte un incremento total de 168 prazas.

En relación ás prazas vacantes, este ano de profundo cambio nas unidades xudiciais, con dous concursos de traslados en marcha, e con numerosos procesos selectivos por materializar, fai que o número de prazas vacantes varíen. O estimado é que cando remate o proceso de acoplamento á nova oficina xudicial e o concurso de traslados que aínda falta por convocar correspondente con prazas da fase I da implantación, non queden prazas vacantes sen cubrir.

Respecto das prazas que ten solicitado a Xunta de Galicia ao estado para incluír nas distintas OEP e nos distintos procesos selectivos, obedecen aos datos de número de xubilacións, excedencias sen reserva de posto, ou perda da condición de funcionario, entre outros, así como do resultado do concurso de traslados e da taxa de reposición. Con estes datos é o Ministerio de Xustiza o quen establece o número correspondente a cada territorio".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:50:22



Pero que non se tramitase a modificación da lei non quere dicir que as persoas en situación de exclusión estivesen desatendidas. Todo o contrario, puxéronse en marcha medidas e actuacións adaptadas ás novas necesidades motivadas polo actual contexto socioeconómico, e para iso ano tras ano incrementáronse os orzamentos adicados ás políticas de inclusión social. E a estas medidas hai que engadir os recursos que a Xunta pon a disposición do conxunto das familias, das persoas novas, dos maiores e daquelas persoas que máis o precisan.

Polo que respecta á incompatibilidade, a RISGA é compatible coas prestacións que teñen un importe inferior á contía básica dunha PNC. E por suposto tamén poden acceder a outro tipo de axudas e programas de inclusión se así o precisan."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:42



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16110**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións da Consellería de Política Social e Igualdade respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Unha administración comprometida cos servizos sociais é aquela que contempla nas súas contas anuais o orzamento necesario para o seu soporte e atención, a que garante que toda persoa en situación de vulnerabilidade reciba o apoio necesario, e que impulsa un sistema social que sexa máis accesible, áxil e eficiente.

O Goberno galego cumpre unha a unha estas premisas e traballa na mellora dos servizos sociais, escoitando e atendendo ás necesidades reais de todos os galegos.

E, neste camiño, procuramos a mellora constante do sistema de atención á dependencia, así a Xunta incrementa cada ano os orzamentos para a dependencia; continúa reducindo a burocracia e os tempos de agarda, mediante a aprobación do Plan de axilización e simplificación do acceso aos servizos de dependencia e discapacidade; e impulsa medidas pioneiras, universais para a atención integral destas persoas.

Pero o certo é que neste camiño non podemos avanzar en solitario ou clara desigualdade. Porque para achegar os servizos ás persoas é necesaria a colaboración do Goberno central, que segue a incumprir o financiamento ao 50% da Lei.

Neste senso, Galicia está facendo un esforzo financeiro moi superior ao que lle corresponde, xa que o Goberno central, lonxe de achegar o 50%, no último ano baixou a súa financiación (do 40% ao 34,9%), situando a débeda acumulada con Galicia en máis de 2.500M€.

É importante recordar que o Goberno central vén de comprometerse co País Vasco en achegar o 50% do financiamento dos servizos, xusto o que lle nega a Galicia, aumentando así as desigualdades entre as comunidades, dependendo de onde gobernen os seus socios.

Non podemos consentir que se establezan comunidades e dependentes de primeira e de segunda, todo en base a repartir financiamento de xeito desigual e tendo en conta só criterios políticos."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:37
Nº Rexistro: 31753
Data envío: 20/08/2025 12:02:37.967

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:37

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16112**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

No 2018 foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

Dende o ano 2023, Galicia tamén é a primeira comunidade autónoma en apoiar e atender ás persoas con ELA e ás súas familias, poñendo a súa disposición unha achega anual de 12.000€ para cada afectado.

Dende o goberno autonómico, incidimos na importancia desta axuda, xa que unha persoa con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa. Por iso, dende o Goberno galego seguiremos apoiando a estas persoas e ás súas familias para que poidan facer fronte aos importantes gastos derivados directamente desta doenza. Así este ano 2025 volvemos a publicar unha nova orde de axudas para persoas diagnosticadas de ELA.

Por outro lado, a Xunta de Galicia xa alertou en numerosas ocasións do incumprimento da Lei ELA por parte do Goberno central e que supón unha falta de compromiso con todas as persoas afectadas e as súas familias. Por iso a normativa debe vir acompañada da financiación suficiente, porque crear dereitos sen o aporte económico suficiente só xera frustración."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:25
Nº Rexistro: 31751
Data envío: 20/08/2025 12:02:25.128

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16114**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, dona Paloma Castro Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia co fin de erradicar a pobreza e a vulnerabilidade social na franxa de poboación galega que está nesa situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a facer un traballo decidido na loita contra a exclusión social. Por iso Galicia conta coas taxas de pobreza máis baixas desde que hai rexistros.

Os datos do INE revelan que Galicia sitúase como a comunidade que máis reduciu no último ano a taxa AROPE, un período de tempo no que case 200.000 galegos abandonaron esta condición.

No último ano o risco de pobreza e exclusión social experimentou unha redución sen precedentes, colocando a Galicia como a cuarta comunidade con menor taxa de risco de pobreza e exclusión social. E sendo, ademais, a taxa AROPE máis baixa rexistrada na serie histórica (18,8%, fronte ao 25,8% a nivel nacional)

Consolidámonos como a comunidade con menores índices de desigualdade, con datos como a redución nun 41,4% da carencia material e social severa.

O Goberno galego continúa desenvolvendo medidas para aquelas persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade:

- (1) A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), para que reciban esta prestación todas as persoas que non queren ou non puideron transitar ao Ingreso Mínimo Vital (IMV).
- (2) As Axudas de Inclusión Social (AIS) para a compra de comida, de roupa, o pago da vivenda ou produtos de farmacia.
- (3) O complemento autonómico ás Pensións Non Contributivas (PNC).
- (4) Ou as ordes de axudas para concellos e entidades de iniciativa social para desenvolver programas de interese social. "

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:11
Nº Rexistro: 31749
Data envío: 20/08/2025 12:02:11.952

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:11

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16115**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **“o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é referente por ter unha lei propia que consolida o principio de igualdade para as persoas LGTBI desde 2014. Deste xeito, colaboramos coas entidades máis representativas a través do Observatorio Galego LGBTIQ+, creado en 2018, para traballar en conxunto institucións e asociacións. Así, entre outras accións:

Puxéronse en marcha grupos de traballo para facer fincapé en como acabar coa LGBTIfobia en eidos como a educación, deporte e entre colectivos vulnerables.

Anualmente temos en marcha formacións na EGAP e tamén desenvolvemos formacións para persoal dos CIM de Galicia para ampliar e mellorar o asesoramento ás persoas do colectivo.

Ademais, en outubro do ano pasado habilitamos o servizo 028 Arco da Vella de información, asesoramento xurídico e atención psicosocial inmediata e especializada fronte á violencia por LGTBIfobia.

E tamén probamos o Protocolo contra as agresións sexuais e LGTBIfóbicas no lecer nocturno e nos eventos e espazos festivos.

Ademais, temos en marcha o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos Centros de Información á Muller (CIM), uns centros que tamén atenden ás persoas LGBTI, e que conta cun investimento de 6,5M€.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:05



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta é consciente de que a espera media para valorar a dependencia é maior á desexable e, precisamente por isto aprobamos un plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade.

Un plan que xurde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestacións. Ente outras medidas, este plan:

Abre unha vía preferente para persoas maiores de 80 anos;

Reduce a burocracia: só haberá que presentar a solicitude;

Permite solicitar a valoración de dependencia e discapacidade á vez e habilitar a homologación;

Mellora a xestión das citas: a través dunha mensaxe no móbil. E se mellora a citación telefónica;

Reforza o persoal que tramita estes procedementos;

Reforza os servizos sociais para que se centren na atención individualizada das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrática.

Como xa vimos reclamando dende fai tempo, é totalmente necesario que o Goberno central cumpra coa lei de dependencia e financie o 50% do investimento nesta materia.

Cómpre lembrar que ademais da débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500M€, o Executivo central está a reducir ano a ano o financiamento en dependencia á nosa Comunidade, así no 2023 achegou un 40% mentres que no 2024 limitouse a aportar un 34,9%."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:01:49
Nº Rexistro: 31746
Data envío: 20/08/2025 12:01:49.498

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:01:49

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16148**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **“a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas e as actuacións que prevé pór en marcha o Goberno galego, especialmente na ría de Arousa”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 28 de xaneiro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16160, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzJlNWZkZTYtMjY3Mi00MmYwLWJjZWVtNDc0NDdhOTUwZDRi&start=9162.762>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:58:02

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16157**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **“o estado en que está a renovación da normativa que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños e as previsións sobre a entrada en vigor dun novo decreto”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xullo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 24275, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWI1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=5430>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a inclusión do Decreto 15/2011 dentro da reforma normativa pesqueira anunciada en 2024 e as previsións, modificacións e consultas da Xunta de Galicia respecto da devandita reforma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31992
Data envío: 21/08/2025 22:57:57.453

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a situación da produción marisqueira nas rías galegas e as actuacións que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia para a súa mellora"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 28 de xaneiro de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 16160, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzJlNWZkZTYtMjY3Mi00MmYwLWJjZWVtNDc0NDdhOTUwZDRi&start=9162.762>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da produción marisqueira das rías galegas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:51



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16195**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto das condicións dos servizos que se imparten ás persoas usuarias no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa de Ferrol está actualmente xestionado por unha entidade de iniciativa social cunha ampla experiencia na atención á discapacidade: a Fundación Hospitalarias de Betanzos.

Tal e como se comprometera a Xunta de Galicia coas familias dos usuarios, a principios deste ano sacouse a licitación o contrato de xestión do centro reservado a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Desde o pasado mes de maio, a Fundación Hospitalarias xestiona o centro de forma impecable, contando coas familias e atendendo ás súas demandas e, como non podía ser doutro xeito, en constante coordinación coa Xunta.

Neste senso, lembramos que a propia Lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008 establece que a xestión indirecta dos servizos públicos de competencia da Comunidade é unha das modalidades que se poden adoptar. Unha modalidade á que tanto o PSOE como o BNG recorren nas institucións que xestionan, como é o caso de moitas residencias dependentes da Deputación de Lugo e mesmo de servizos do SAF dependentes dos seus concellos.

Sempre defendemos que para garantir a atención á discapacidade e para garantir uns servizos sociais de calidade, a colaboración entre as administracións e as entidades sociais son fundamentais.

As entidades sociais permítennos chegar a todas as persoas que o necesitan. Achegan servizos especializados e unha ampla experiencia nun sector que dominan e achegan unha sensibilidade única, porque, lembremos, que as entidades foron fundadas na súa maioría por nais, pais e familias que decidiron aliarse para loitar polos seus seres queridos.

Polo tanto, o tecido asociativo leva no seu ADN a vocación e a atención á discapacidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra banda, a Xunta sempre supervisa que os centros de servizos sociais cumpran os requisitos e tamén as ratios establecidas pola normativa. Neste senso, a inspección da Xunta sempre supervisou que o servizo de atención de Souto de Leixa se preste coas máximas garantías e xa realizou diferentes visitas ao centro para comprobar o seu funcionamento.

Así, nos últimos anos a inspección de servizos sociais realizou visitas ao Centro de Atención a persoas con discapacidade intelectual de Souto de Leixa en Ferrol, en 2021, 2022, 2023, 2024 e a última en xuño deste mesmo ano.

No curso destas inspeccións constatáronse deficiencias nas instalacións e no equipamento, así como irregularidades formais de tipo documental das que se requiriu a emenda. A entidade responsable enviou contestación aos requirimentos efectuados coa documentación xustificativa das emendas realizadas.

Así mesmo, as deficiencias no funcionamento das que se requiriu emenda foron contestadas acreditando a súa corrección.

Respecto ás instalacións, a Consellería de Política Social e Igualdade rematou no ano 2024 as obras para as que se destinaron preto de 1,2 M€ para ao cambio de cuberta, carpintería exterior e humanización, así como a instalación dun novo sistema de detección de incendios. Ao longo deste ano 2025 continuaranse a levar a cabo actuacións de mellora no centro.

Respecto ao cadro de persoal do centro, este cumpre no seu conxunto coa rateo de persoal establecida no concerto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:18



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16203**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"a eficacia do control da Xunta de Galicia sobre os xestores dos comedores escolares no que atinxe á utilización de produtos de proximidade e os plans dos que dispón para fomentar hábitos alimenticios saudables na nosa poboación infantil"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural, promove a campaña "Come Local" en centros educativos que ten por obxectivo promocionar o produto de proximidade con selo diferenciado como parte do Pacto Verde Europeo e a estratexia "Da Granxa á mesa" da Unión Europea.

As empresas que prestan os seus servizos nas escolas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son as responsables de manter os manuais APPC a diario coas entradas de produtos nos centros nos que van a ser consumidos. Ditos rexistros están baixo a supervisión constante dos inspectores de sanidade quen poden requirilos en calquera momento. Polo tanto, a trazabilidade de todos os produtos que entran nas escolas infantís do Consorcio está supervisada polas autoridades sanitarias competentes en todo momento e de xeito permanente, que son as encargadas de velar polo cumprimento da normativa vixente en servizos de alimentación e restauración, e cuxa misión fundamental é a de exercer en todo momento as labores de inspección e control, auditando o traballo destas empresas

As empresas que prestan servizos de comedor nas nosas escolas teñen criterios propios para garantir a harmonización dos produtos que ofertan nas diferentes escolas da Rede A Galiña Azul, dentro dos cales deben cumprir cunha serie de requisitos tales como que os seus fornecedores deben ter centro de produción/distribución na CCAA de Galicia, estar debidamente inscritos no "Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos" (RGSEAA) e/ou o "Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA), caso de roturas de stock a entrega de produtos de calidade superior á da oferta, garantir o subministro da/s marca/s acordadas sen poder realizar cambio das mesmas salvo autorización previa, sendo un dos criterios de selección o de menor contido en alérxenos (presentes ou trazas) dada a especial sensibilidade da poboación de 0-3 anos, e compromiso de entrega directa das materias primas con medios propios coa

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



finalidade de evitar roturas na cadea de frío para os produtos sometidos a temperatura conxelada.

Cando se fala de servizos de restauración colectiva que subministran diariamente menús a un gran número de escolas, requírese a partir dun determinado volume, dunha clave 26 que é a que outorga Sanidade, e ao seu tempo, ditas empresas están obrigadas a contar cunha relación de provedores testados e empresas subministradoras que teñan o Rexistro sanitario axeitado así como que cumpran con toda a normativa vixente nacional e europea.

No caso do Consorcio, trátase de homoxeneizar e harmonizar menús para todo o territorio e tendo en conta que están diseminadas por todos os concellos de Galicia, polo que, se dependeramos exclusivamente de pequenos produtores ou distribuidores, non sería posible ofertar menús idénticos en todas as zonas e todas as escolas ao mesmo tempo.

Sen dúbida, e a pesares de non ser unha obriga legal, o Consorcio promoveu dende sempre que o servizo de comedor que se presta nas escolas infantís teña en conta o emprego de produtos de proximidade. Así, na licitación do servizo de comedor nas escolas infantís se establece que a empresa adxudicataria deberá proporcionar unha proposta de menús onde se teñan en conta a promoción do noso patrimonio gastronómico e cultural, coidando o bo gusto e costumes do contorna, procurando o emprego de produtos de orixe galega ou elaborados e transformados en Galicia, así como cos produtos frescos de tempada sempre que sexa posible (apartado 3.1 do Prego técnico). Esta indicación, a pesar diso, non é un requisito de obrigado cumprimento para as empresas licitadoras, e tampouco para as empresas galegas que resultaron adxudicatarias do servizo.

A política do Consorcio Galego en canto ao servizo de restauración non pode ser mais transparente e así foi dende sempre. As familias dispoñen dos menús diarios, semanais e de cantas rodas se muden por mor das tempadas de verán e inverno, ou de calquera cambio puntual que pode darse por rotura de stock ou calquera outra razón. Así mesmo, as actuais empresas operadoras nas escolas do Consorcio e a propia administración teñen a disposición das familias, as fichas técnicas de cada prato (alimentos que leva cada prato, gramaxes, valor nutricional, incluso micro e macro nutrientes, posibles alérxenos...) ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31701
Data envío: 19/08/2025 17:43:07.346

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16206**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **“o cumprimento das condicións laborais dos traballadores das empresas e UTE concesionarias das liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia, así como respecto do seu seguimento e das consecuencias que derivan dos posibles incumprimentos”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Como xa se ten indicado, a folga que tivo lugar no servizo de autobuses urbanos de Ferrol respondeu a un conflito entre a empresa e os traballadores, que non teñen ningún vínculo laboral coa Xunta.

As competencias da Xunta a este respecto limitáronse ao establecemento dos servizos mínimos, facer seguimento da folga e do cumprimento dos servizos mínimos e dar traslado deste seguimento e información ao Concello de Ferrol”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31493
Data envío: 18/08/2025 20:32:20.468

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16264**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Ariadna Fernández González e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"o acordo de libre comercio UE-Mercosur e as medidas previstas polo Goberno galego orientadas á salvagarda do sector agrogandeiro galego ante a ameaza que supón o devandito acordo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 16261 e debatida no Pleno do 29 de xaneiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzI5NzQ4MTQtMzU2Ni00N2Y1LTg0YWQ0tNGZkYzgyZDI4NThj> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31700
Data envío: 19/08/2025 17:43:00.443

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante o modelo de xestión do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense xa é unha realidade e actualmente xa está en funcionamento.

Deste xeito, damos cumprimento a unha demanda histórica das familias de Ourense que xa contan cun centro de atención á discapacidade de titularidade pública, con prazas 100% públicas, con criterios de asignación 100% públicos e, sobre todo, cos máximos estándares de calidade e de benestar para os usuarios e para as familias.

Un centro equipado coa última tecnoloxía e á vangarda dos centros de atención á discapacidade.

Despois dun investimento de máis de 10 millóns de euros para a súa construción e equipamento, poñemos a disposición das persoas con discapacidade un centro con 110 prazas públicas: 30 prazas de atención diurna para persoas con discapacidade intelectual e 80 prazas de residencia.

Despois de resolver a licitación do contrato harmonizado reservado a entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, a entidade adxudicataria resultou ser a UTE (unión temporal de entidades) formada por Cogami e pola Fundación Menela.

Dúas entidades con amplísima experiencia na atención á discapacidade, que garanten unha atención de máxima calidade aos usuarios, tal e como xa demostran nos seus propios centros.

O Goberno galego cumpriu coa súa palabra de poñer en funcionamento o centro no mes de maio e, no día 12 dese mes, formalizouse o contrato de xestión. Polo que o centro está en funcionamento desde o 12 de maio de 2025.

A principios do mes de xuño comezaron a chegar os primeiros residentes. Os usuarios vanse asignando de forma progresiva, para garantir unha atención personalizada e unha correcta adecuación por parte dos residentes ao centro. A asignación de prazas faise conforme aos criterios marcados na Orde de ingresos e traslados establecida para as prazas públicas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31988
Data envío: 21/08/2025 22:57:34.827

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16293**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a natureza das funcións que están a desenvolver os auxiliares de policía local da Laracha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Emerxencias e Interior en resposta á pregunta oral en Comisión número 17041, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 7 de febreiro de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director de Emerxencias e Interior pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDI5MDA4ZDAzMzVkNy00YmRhLTk5ZTMtNjYyMTEzMjYyODIx&start=2734>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDI5MDA4ZDAzMzVkNy00YmRhLTk5ZTMtNjYyMTEzMjYyODIx&start=3523>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:13



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **"o número de procedementos penais ou civís tramitados nos órganos xudiciais galegos desde 2015 a 2020 por intromisións non consentidas en vivendas e as consultas atendidas polo Consello da Avogacía Galega nesta materia en virtude do convenio asinado co IGVS en 2020"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O contido desta pregunta xa foi contestado a través da pregunta oral 11438 en Comisión 1º o pasado día 18/06/25.

Adxuntamos o link da web do Parlamento:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWRiMzYxNTktMWQ4OC00YmlyLWFhOTAtODgxMjA4ZDE0NzE0&start=12992>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31491
Data envío: 18/08/2025 20:32:05.994

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16325**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e outros deputados e deputadas, sobre **"a implantación da lingua galega nos servizos ofrecidos polas notaría, as medidas de normalización que puxo en marcha o Goberno galego neste ámbito nos últimos anos e as súas previsións cara adiante"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O uso do galego nas notaría de Galicia non é tan escaso como se pretende, senón que é unha realidade que está presente dende o momento mesmo en que atenden ou prestan os seus servizos nesta lingua oficial.

É importante salientar que as competencias en materia de Rexistros e Notaría corresponden ao Ministerio de Xustiza.

A actuación da Xunta é a prevista no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.

Porén, respectando o ámbito de competencias propio de cada institución e en aras á consecución e establecemento dunha realidade e igualdade bilingüe para salvagarda dos dereitos lingüísticos da cidadanía nas súas relacións co Notariado, o Goberno galego avoga polas vías de colaboración co Colexio do Notariado. Colaboración que se concreta na posta a disposición do Servizo de Tradutores e Intérpretes en orde á tradución e publicación da normativa básica e consolidada reguladora do Notariado, nun texto bilingüe castelán-galego; a elaboración dos formularios e modelos normativos dos documentos e escrituras públicas máis usuais no tráfico xurídico e a formación do colectivo notarial na lingua galega, especialmente da linguaxe xurídica, no marco das actividades formativas ofertadas pola EGAP".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:01:38



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16328**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **"o criterio e as previsións da Xunta de Galicia respecto da composición do Consello da Minaría de Galicia e da súa representatividade social"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A composición do Consello da Minaría de Galicia obedece ás funcións que debe desenvolver consonte á normativa, nomeadamente, ás previstas na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia (emitir informe sobre anteproxectos de lei, proxectos de regulamentos con incidencia na minería, asesorar sobre plans e programas, propor medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira, ou impulsar a coordinación entre a iniciativa pública e privada, entre outras).

Na modificación de 2024, os criterios para determinar a composición e, por exemplo, incluír determinados centros directivos da Administración autonómica ou asociacións foron a súa relación directa coa minaría (augas minerais, sector dos balnearios, materiais cerámicos, etc.) e pola súa vinculación co eido económico e industrial (sindicatos, asociacións empresariais, etc.). É dicir, tívose en conta as competencias das mesmas en relación coas funcións a desempeñar no Consello.

En calquera caso, cómpre sinalar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha emenda á Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para reclamar a participación das entidades ecoloxistas, polo que non se entende que agora se inste a modificar unha lei que se debateu no Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:28:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31490
Data envío: 18/08/2025 20:28:31.699

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número xxxx**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e don Daniel Castro García, sobre **“as razóns de que a Xunta de Galicia edite material de promoción co logotipo institucional no que se exclúe por completo a lingua galega”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O material promocional entregado aos asistentes que acudiron ao acto da XV edición dos premios ao Desenvolvemento Rural de Galicia, tratábase de material con deseño e impresión do logotipo institucional da Xunta de Galicia.

En canto á edición dos produtos entregados, significar que a AGADER, non edita nin participa na edición de ningún tipo de produto para este acto, nin tampouco no deseño dos produtos entregados, baseándose nun catálogo dun profesional do sector.

En canto á corrección da suposta exclusión da lingua galega, terase en conta e en consideración as manifestacións efectuadas dende o grupo parlamentario do BNG, para o cumprimento da normativa de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31698
Data envío: 19/08/2025 17:42:48.013

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16465**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"os eventuais controis e as medidas de protección que a Xunta de Galicia está a levar a cabo ante a aparición dun gromo de gripe aviar en Portugal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As medidas a adoptar no caso dun foco de gripe aviaria están descritas no *Regulamento (UE) 2020/687, de 17 de decembro, referido á normas relativas á prevención e o control de determinadas enfermidades animais*, e consisten, entre outras, no establecemento dunha zona de protección e outra de vixilancia (de 3 e 10 km respectivamente) arredor do foco, nas que entre outras restricións, se prohiben os desprazamentos de aves, ovos e outros produtos ou subprodutos con orixe nesas zonas e que poidan constituír un risco de difusión da enfermidade. Na citada normativa se contemplan determinadas excepcións á esta restrición de movementos, implementando medidas de seguridade como exames clínicos e laboratoriais das partidas a trasladar, pero sempre dentro do Estado Membro onde se notificou o foco.

Non é polo tanto posible, e así foi comprobado expresamente para dar resposta a esta pregunta, o traslado de partidas de aves ou produtos derivados procedentes de zonas restrinxidas en Portugal ou de calquera outro territorio dun Estado Membro.

No caso doutras zonas de Portugal non suxeitas a restrición, non están contempladas na normativa comunitaria o establecemento de medidas extraordinarias nos movementos intracomunitarios de aves e produtos avícolas implicados. Esta mesma política aplica obviamente nos movementos desde Galicia a Portugal ou outros Estados Membros.

A estratexia comunitaria de contención da difusión das enfermidades animais está baseada na rexionalización, aplicándose as restricións só nas zonas afectadas, e non na totalidade do territorio do Estado Membro

Por outra banda, cómpre sinalar que a Consellería do Medio Rural, no marco do Programa de Vixilancia da Influenza Aviaria en Galicia, está a levar a cabo tomas de mostras para análise laboratorial co fin da detección temperá de focos de influenza aviaria. Estas mostraxes realízanse en explotacións avícolas seleccionadas en función dunha análise de risco, sobre aves silvestres atopadas mortas ou con sintomatoloxía compatible, e en todos os casos de sospeita en aves de curral, tanto industriais como en currais familiares.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Cómpre indicar que as medidas que se puideran determinar encamiñadas á prevención da infección por influenza aviaria en persoas é unha competencia das autoridades de saúde pública.

En todo caso, e en aplicación do concepto "One Health" e dentro do compromiso da Consellería do Medio Rural non só coa sanidade animal senón como non pode ser doutro xeito, coa saúde pública, o Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural mantén unha comunicación constante co Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades (CEGACE) da Consellería de Sanidade, participando na elaboración dos protocolos elaborados coordinadamente con ese centro en relación á prevención da influenza aviaria en persoas, nos apartados que nos afectan como consellería.

Ademais, o Servizo de Sanidade Animal elaborou e distribuíu no mes de xaneiro 2025, unha vez que o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación elevou o nivel de risco de aparición da influenza aviaria en España, unha nota informativa dirixida ás persoas titulares de explotacións avícolas, porcinas e de visón americano, na que se lles reiteraba a aplicación de medidas de prevención do contaxio nas granxas e se lles trasladaba a recomendación da vacinación fronte á gripe estacional humana para o persoal traballador en contacto con estes animais, seguindo a recomendación do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e do SERGAS.

Cómpre subliñar que nos citados protocolos que se poden consultar aquí <https://www.sergas.es/Saude-publica/gripe-aviaria> entre outras medidas preventivas recoméndase a vacinación fronte a gripe estacional humana nas persoas cunha exposición frecuente ás aves ou aos visóns e se indica que *"as empresas a cargo das explotacións avícolas, visóns de granxa e núcleos zoolóxicos con aves en cativeiro ou semiliberdade, a través dos servizos de prevención de riscos laborais deberán proporcionar aos traballadores as instrucións escritas en relación cos riscos para a saúde e as precaucións para previr á exposición, o uso adecuado dos EPIS, os procedementos adecuados de traballo e as medidas de vixilancia e monitorización da saúde", recomendación que se fixo extensiva tamén ao persoal traballador das granxas de porcino na instrución 3/2024 da Dirección Xeral de Saúde Pública, onde se recomenda a vacinación fronte á gripe a "persoas con exposición laboral directa a animais ou ás súas secrecións en granxas ou explotacións avícolas, porcinas ou de visóns ou a fauna silvestre (aves, xabarís ou mustélidos), como gandeiros, veterinarios, traballadores de granxas, cazadores, ornitológos, axentes de medio ambiente, persoal de zoolóxicos, etc."*

Finalmente indicar que a situación de incidencia da influenza aviaria en granxas bovinas en Estados Unidos, con ser un problema que nos preocupa e sobre o que estamos vixilantes, non é actualmente un escenario previsible na Unión Europea onde as autoridades sanitarias europeas (Axencia Europea de Seguridade Alimentaria) sigue cualificando o risco de infección para as persoas como baixo, e moderado para as persoas en contacto con animais susceptibles".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31697
Data envío: 19/08/2025 17:42:41.943

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16480**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“o prazo en que a Xunta de Galicia prevé restablecer o servizo médico en horario completo no Centro de Saúde de Irixoa”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Realízanse esforzos por planificar as ausencias regulamentarias dos profesionais, mais o déficit estrutural de profesionais sanitarios dificulta, a pesar de todos os esforzos, cubrir circunstancias non previsibles, tales como incapacidades temporais, permisos por enfermidade familiar grave ou outros.

Urxe tomar medidas ante o déficit de profesionais sanitarios, competencia do Ministerio de Sanidade, como a flexibilización na acreditación de prazas formativas, incremento da idade de xubilación ou axilización no proceso de homologación de títulos sanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:28:04



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16490**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego canto á adaptación da Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei do deporte de Galicia recoñece o dereito dos cidadáns a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática. Galicia tamén conta cunha Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, cun artigo para o deporte".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:27:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31485
Data envío: 18/08/2025 20:27:53.692

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16499**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“as políticas previstas polo Goberno galego para o fomento do exercicio físico e o deporte entre as galegas e os galegos”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego defende a utilidade do deporte como fonte de saúde e benestar e neste contexto promove a práctica deportiva desde as idades máis temperás ata as máis avanzadas. Actuacións consolidadas como Xogade, dirixido a escolares, ou o Plan Galicia Saudable, dirixido tamén a apoiar a actividade física en distintos segmentos da poboación, son bos exemplos dilo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31484
Data envío: 18/08/2025 20:27:47.207

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:27:46

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16508**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“a cooperación coa Administración local na loita contra a violencia de xénero, o estado en que está a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación interinstitucional, así como sobre o labor de prevención efectuado e o que está previsto respecto desta materia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A transversalidade na loita contra a violencia de xénero lévanos a colaborar cos que están máis preto das vítimas: os concellos e entidades do terceiro sector.

No caso dos concellos, contamos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero.

E no marco da que se teñen constituído as mesas locais de coordinación. O seu número duplicouse nos últimos oito anos, pasando de 64 a 112 actuais.

Máis da metade dos concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162.

Outro dos recursos públicos de proximidade son os Centros de Información á Muller (CIM) que ademais de sensibilizar e prestar asesoramento, axudan a detectar moitos casos que pasan inadvertidos. Actualmente estamos a desenvolver o Plan integral de actuación para o seu impulso.

Dentro das funcións do persoal dos centros de crise 24 horas está a sensibilización e a formación en materia de violencia de xénero.

Ademais, a Xunta financia outra serie de programas no eido educativo, como:

O programa “O machismo é violencia, con todas as letras”, un proxecto pioneiro que leva o relato das vítimas de violencia de xénero ás aulas, e que tivo unha excelente acollida por parte de profesores e alumnos

Un programa impartido en 33 centros de 3º e 4º da ESO, chegando a máis de 2.000 mozos e mozas.

O vindeiro curso escolar, prevese chegar a preto de 50 centros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ou o plan Proxecta para a promoción da igualdade e prevención violencia de xénero e violencia sexual nos centros de primaria e infantil.

No ámbito da igualdade, destacan:

Os centros Quérote+, con obradoiros de prevención de violencia de xénero, bo trato, sexualidade, benestar emocional e diversidade sexual.

Os programas de apoios para concellos e ANPAS para accións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

E puxemos en marcha as áreas de sensibilización e puntos lila e arco da vella nos festivais de música do verán que en 2024 atenderon a máis de 15.000 persoas e que se espera este ano superar esta cifra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31987
Data envío: 21/08/2025 22:57:28.779

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:28

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16509**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión que ten o Goberno galego respecto da negociación co Ministerio do Interior para renovar o convenio que regula a Unidade de Policía Adscrita de Galicia co fin de poder incrementar os seus efectivos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno central quere modificar unilateralmente as condición do convenio para o mantemento da Policía Autonómica. Un cambio de criterios que a Xunta non comparte porque suporía un custo inasumible para a comunidade e pon en risco que os axentes poidan levar a cabo as súas competencias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:27:40

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16531**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a titularidade e o tipo de xestión que a Xunta de Galicia vai garantir no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense xa é unha realidade e actualmente xa está en funcionamento.

Deste xeito, damos cumprimento a unha demanda histórica das familias de Ourense que xa contan cun centro de atención á discapacidade de titularidade pública, con prazas 100% públicas, con criterios de asignación 100% públicos e, sobre todo, cos máximos estándares de calidade e de benestar para os usuarios e para as familias.

Un centro equipado coa última tecnoloxía e á vangarda dos centros de atención á discapacidade.

Despois dun investimento de máis de 10 millóns de euros para a súa construción e equipamento, poñemos a disposición das persoas con discapacidade un centro con 110 prazas públicas: 30 prazas de atención diurna para persoas con discapacidade intelectual e 80 prazas de residencia.

Despois de resolver a licitación do contrato harmonizado reservado a entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, a entidade adxudicataria resultou ser a UTE (unión temporal de entidades) formada por Cogami e pola Fundación Menela.

Dúas entidades con amplísima experiencia na atención á discapacidade, que garanten unha atención de máxima calidade aos usuarios, tal e como xa demostran nos seus propios centros.

O Goberno galego cumpriu coa súa palabra de poñer en funcionamento o centro no mes de maio e, no día 12 dese mes, formalizouse o contrato de xestión. Polo que o centro está en funcionamento desde o 12 de maio de 2025.

A principios do mes de xuño comezaron a chegar os primeiros residentes. Os usuarios vanse asignando de forma progresiva, para garantir unha atención personalizada e unha correcta adecuación por parte dos residentes ao centro. A asignación de prazas faise conforme aos criterios marcados na Orde de ingresos e traslados establecida para as prazas públicas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31986
Data envío: 21/08/2025 22:57:22.527

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16541**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre “ **a situación das instalacións do estadio do Couto, en Ourense, e as previsións que ten o Goberno galego verbo da súa mellora**”, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Hai que poñer en valor a envergadura e importancia das obras levadas a cabo no estadio de O Couto, tanto no que se refire a súa reforma e mellora como na substitución de céspede, por importe global de tres millóns de euros.

Unhas actuacións necesarias e demandadas polo tecido deportivo de Ourense e executadas á plena satisfacción do interese público perseguido.

Tras as dificultades detectadas tras o primeiro partido, procedeuse de forma inmediata a dar as solucións técnicas precisas xunto á dirección facultativa da obra para repoñer e reforzar a subestructura de revestimento de malla deployé na fachada do edificio do fondo norte.

No que respecta ás oficinas do estadio, a actual malla metálica permite un maior paso de luz que as anteriores lonas publicitarias. E os novos vestiarios contan cun sistema de ventilación mecánica instalada ao efecto.

Polo que respecta ás vallas de seguridade e ao resto das instalacións, compren, como non podería ser doutro xeito, co referido no Código Técnico de Edificación e no resto da normativa de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:27:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31482
Data envío: 18/08/2025 20:27:33.897

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16637**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación en que está a dotación médica do Centro de Saúde de Riotorto e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A escaseza de profesionais sanitarios, especialmente en atención primaria, é un problema que se dá en toda España e que dificulta a cobertura de substitucións ante incapacidades temporais, vacacións ou xubilacións. A responsabilidade de poñer enriba da mesa solucións para paliar este déficit de profesionais correspóndelle ao Goberno de España.

A atención sanitaria en Riotorto está garantida. A demora para conseguir cita co médico de familia é inexistente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31477
Data envío: 18/08/2025 19:43:23.005

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:43:22

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16640**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o resultado da convocatoria publicada o 6 de maio de 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas industriais da provincia da Coruña"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 8 do Regulamento 2021/1056 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta regula o alcance dos apoios regulados por este fondo e conclúe indicando para o caso de axudas a grandes empresas o seguinte:

"Ademais, en zonas designadas como asistidas a efectos do artigo 107, apartado 3, letras a) e c), do TFUE, o FTX poderá apoiar investimentos produtivos en empresas distintas das pemes, a condición de que ditos investimentos se aprobaran como parte do plan territorial de transición xusta baseado na información requirida no artigo 11, apartado 2, letra h), do presente Regulamento. Estes investimentos só serán admisibles se son necesarios para a execución do plan territorial de transición xusta, cando contribúan á transición a unha economía da Unión climaticamente neutra de aquí a 2050 e a lograr obxectivos ambientais conexos, cando o seu apoio sexa necesario para a creación de emprego no territorio identificado e cando non conduzan a recolocacións, tal como se definen no artigo 2, punto 27, do Regulamento (UE) 2021/1060.

O FTX tamén poderá apoiar investimentos destinados a lograr a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro das actividades enumeradas no anexo I da Directiva 2003/87/CE, a condición de que ditos investimentos aprobáronse como parte do plan territorial de transición xusta baseado na información requirida no artigo 11, apartado 2, letra i), do presente Regulamento. Estes investimentos só serán admisibles se son necesarios para a execución do plan territorial de transición xusta."

Por mor deste artigo, a Autoridade de Xestión acordou coa DG Regio da Comisión Europea uns criterios garantistas para poder apoiar proxectos promovidos por grandes empresas entre os que se atopan os seguintes requisitos de creación de emprego:

- Creación mínima de cinco empregos directos (non se contabilizan os da fase de construción).
- Cociente máximo de 80.000 EUR de axuda pública por emprego creado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Mantemento do nivel de emprego creado máis o persoal existente (atendendo á media nos doce meses anteriores), durante un mínimo de cinco anos.

Estes criterios de creación de emprego son de obrigado cumprimento en España para grandes empresas, sen ter en conta a natureza dos proxectos para apoiar nin outras contribucións que poidan supoñer á transición enerxética xusta.

Desde a posta en marcha das convocatorias vinculadas ao Fondo de Transición Xusta (FTX) en Galicia detectouse que os requisitos de creación emprego para grandes empresas están a actuar como unha barreira significativa para moitos proxectos viables, limitando o alcance e o impacto real dos fondos.

No ámbito da transición enerxética, os proxectos enerxéticos, e especialmente os de autoconsumo, non destacan pola súa xeración directa de emprego, pero si teñen un forte carácter tractor.

Limitar o seu acceso á axuda en función dunha métrica ríxida como o número de empregos directos creados como consecuencia dos acordos entre o Ministerio e a Comisión Europea está a supor ignorar o seu verdadeiro valor estratéxico e mesmo o seu potencial de creación de emprego indirecto.

Ademais, en sectores ou vectores económicos innovadores é necesario dispoñer dun tecido inicial que permita o desenvolvemento de novos investimentos ao redor del e atraia iniciativas que o fagan crecer, o que supón un verdadeiro motor económico que garantiría a reconversión e reindustrialización das comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de carbón, onde resulta fundamental, máis que a creación de emprego, o mantemento do actual a través da súa reconversión”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31676
Data envío: 19/08/2025 17:18:55.407

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:55

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16687**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a eventual axuda da Xunta de Galicia á compra de equipos informáticos no ámbito rural, especialmente para as explotacións agrarias e gandeiras, a formación dos interesados mediante cursos e a permanencia da tramitación presencial nas oficinas agrarias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural mantén unha rede de oficinas rurais (antes denominadas oficinas agrarias comarcais) constituída por 68 oficinas, organizadas en 15 áreas comarcais, distribuídas por todo o territorio galego e que prestan servizo de atención á cidadanía de xeito presencial, principalmente a explotacións agrarias.

Son máis de 450 os postos de traballo en Oficinas Rurais, distribuídos entre persoal veterinario, técnico agrario e administrativo, que a CMR pon a disposición para a prestación dun servizo de atención de proximidade á poboación rural.

Por iso, a Consellería do Medio Rural está desenvolvendo un Plan de Mellora das Infraestruturas da Consellería desde o ano 2021 que permitiu a remodelación de moitas destas Oficinas Rurais.

Ademais, a consellería creou unha estrutura de coordinación territorial, composta por 4 persoas en cada provincia encargadas da coordinación e o apoio ás oficinas rurais, ademais dun órgano de coordinación en servizos centrais, a Subdirección Xeral de Planificación de Extensión Agrario

Con estes antecedentes, cabe concluír que a Administración Galega NON está a desmantelar os servizos técnicos e administrativos que se prestan dende as oficinas rurais.

As Oficinas Rurais constitúense como oficinas de rexistro auxiliares e de atención á cidadanía onde calquera persoa pode acudir a realizar calquera trámite de xeito presencial. (Decreto 191/2011)

Para prestar asistencia á cidadanía na realización de trámites por medios electrónicos ante a administración, a Consellería do Medio Rural habilitou na maioría das oficinas rurais un ordenador público para que calquera persoa interesada pode realizar trámites por vía electrónica apoiada en todo momento por persoal funcionario das oficinas rurais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En todo caso, aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para reforzar a atención presencial, a Administración autonómica está a traballar no proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro do Persoal Funcionario Público Habilitado que permitirá asistir no uso de medios electrónicos tanto ás persoas interesadas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos como aquelas que, aínda estando obrigadas, se poderán asistir por causas xustificadas e motivadas.

Debe lembrarse que, todos os anos, a Consellería do Medio Rural aproba unha orde de axudas ás entidades agrarias onde, entre outros criterios, priorízase na súa concesión a aquelas que teñan oficinas de atención ao público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31673
Data envío: 19/08/2025 17:18:36.454

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:36

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16693** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **“a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 20, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa solicitude de información relativa ao funcionamento da Residencia e Centro de Día San Cibrao de Cervo en Lugo, a inspección de servizos sociais realizou o día 5 de agosto deste ano, unha inspección ao citado centro na que se constataron irregularidades no cumprimento da normativa de servizos sociais, polo que se requiriu á entidade a súa emenda.

Dito requirimento está en prazo de contestación. Todo isto, sen prexuízo do inicio das actuacións oportunas conducentes ao cumprimento da normativa referida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31671
Data envío: 19/08/2025 17:18:23.011

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16695** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **“a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“ A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu a unha pregunta oral, con número de rexistro 16694, sobre este mesmo asunto, e formulada polo mesmo grupo parlamentario en sesión plenaria celebrada o pasado día 21/05/2025.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YWM0ODZiNTEtNTE3MS00MTk0LTkxNjAtY2IzYjQ5MjM0NThh&start=11183.432> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:18:16



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16697**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e outros deputados e deputadas, sobre **"a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demandando ao Goberno central a modificación do sistema de financiamento autonómico e local, que teña en conta o envellecemento da nosa poboación e o grao de dispersión xeográfica.

Pese a desatención do Goberno centra as estas demandas, o Fondo de Cooperación Local, tralas subas do 67,63% respecto de 2022, no ano 2025 acada os 168 millóns de euros, 10 millóns máis que no exercicio 2024. Isto supón un incremento desta dotación nun 6,3% por riba da suba media do orzamento.

O máis destacable dos orzamentos da Xunta para 2025, en relación ca cooperación municipal, é que recollen unha constante demanda do municipalismo, o incremento o fondo base do Fondo de Cooperación Local, en concreto en 5,4 millóns de euros, que se reparten entre os concellos de menos de 15.000 habitantes. Este incremento representa o 4,8% respecto da cantidade consignada dende o ano 2011 coma garantía de mínimos.

Ademais do anterior, entre transferencias correntes e de capital, das demais liñas de axudas da Xunta, os concellos recibirán en 2025 uns 15,4 millóns de euros, un 3,60% máis que en 2024.

Por tanto, a cantidade total dos fondos que recibirán os concellos galegos en 2025 entre estas transferencias, o total do FCL e a súa liquidación ascende a 626 millóns de euros, un 4,20% por riba da contía de 2024.

O Fondo de Cooperación Local, cuxos criterios de distribución obxectiva establécense mediante acordo cos concellos representados no seno da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro, da Comisión de Cooperación Local, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, é un instrumento de financiamento máis co que contan os concellos galegos, que debe ser complementado coa utilización das subvencións públicas como medida de fomento, instrumento mediante o cal se promove determinadas actuacións, neste caso dos concellos, beneficiosas para o interese xeral".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 9:04:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31834
Data envío: 21/08/2025 09:04:29.755

CSV: BOPGDSPG-IRZysoAKn-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16701**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"os recursos e a planificación do Goberno galego ante a enfermidade hemorráxica epizoótica e a lingua azul e o eventual incremento das axudas proporcionadas ás persoas titulares das explotacións gandeiras afectadas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 12248 e debatida no Pleno do día 5 de novembro de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGNmNDg4MDEtYjcxZC00Zjk3LTlmZjMtZjlyODRkOWNkYjA2&start=6795>".

